

Código



Cero

Revista de Novas Tecnolóxicas de Galicia - <http://www.codigocero.com>

NÚMERO 15 - OUTUBRO / NOVEMBRO 2003

SEMANA DA CIENCIA

laboratorio:
Galicia

trámites na rede

empresas en 24 horas

o cesga segue a medrar

nº 1 de España en cálculo científico

o rincón do hacker

¿será hispasat ou non?

novas dende GaliciaTIC

a tecnoloxía bota raíces


xogos on-line Caixa Galicia

comunidade e lecer



SOFTGAL

consultoría
integración de sistemas
software factory
infraestructuras TIC



A Coruña

Santiago de Compostela

Vigo

Madrid

Lisboa



CÓDIGO CERO revista de novas tecnolóxicas de Galicia

Director

Xosé María Fernández Pazos
(director@codigocero.com)

Subdirectores

Marcus Fernández
(webmaster@codigocero.com)
Carlos Ballesteros
(cballesteros@codigocero.com)

Redactor-Xefe

Carlos Lozano
(cuetorubio@yahoo.es)

Redacción

Xabier Alcalá
(Telecomunicacións)
Antonio Fernández (Linux)
Damián Fernández (Linux)
Manolo Gago (Opinión)
Emiliano Gómez (Informática)
Mariano Grueiro (Mac)
David Lombardía (Nova
Economía)
Sevi Martínez (Xogos)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Ramón Puente (Opinión)
Víctor Salgado (Dereito)
Fernando Sarasqueta
(Reportaxes)

Colaboraron neste número:

Antonio Borreguero, David
Lombardía, Francisco J. Díaz,
Olalla Cociña, Alejandro Rubín,
Pablo Grandío, Isidro Cea,
Manuel Gago, Fernando Bouzas,
Mariano Grueiro, Emiliano
Gómez e Carlos Lozano.

Supervisión lingüística:

Paulino Novo e María Xesús
Vázquez.

Fotografía:

Adolfo Enríquez Calo, Jofarpa.

Edita:

Grupo Código Cero Comunicación
UNINOVA.
Polig. Ind. do Tambre Vía La
Cierva, s/n (recinto Mercagalicia)
Código Postal: 15890 - SANTIAGO
Tel. 981 51 96 00/93 63 24
Fax. 981 55 77 07
Móbil: 690 60 71 02
http://codigocero.com
redaccion@codigocero.com

Deseño Gráfico:

eNISA. Servicios Infográficos
Rúa do Río, 30 - SANTIAGO
Teléfono: 981 554 444
correo@mundografico.net

Imprime:

Celta de Artes Gráficas, S.L.
Rúa Colón, 30 - VIGO
Teléfono: 986 81 46 00
Fax: 986 81 46 38

Número 15 (PREZO: 1€) Outubro/Novembro 2003

Publicación periódica
Tirada: 15.000 exemplares
Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (edición dixital): 1579-7554

neste número...



O pasado mes o equipo de "Código Cero" recibía o recoñecemento do sector empresarial galego vinculado a Internet co galardón que EGANET concedía na súa primeira edición. Os premios da "Asociación de Empresas Galegas Adicadas á Internet" recoñecían como a mellor web de medios de comunicación de Galicia o noso proxecto virtual. Os que facemos tanto o diario dixital coma esta revista mentiríamos se non amosásemos o orgullo por recibir un galardón que

vén dun colectivo profesional tan importante como o das empresas vinculadas ás novas tecnoloxías. O premio estímulo e indícanos que imos polo bo camiño e nese labor de difusión do que se fai neste país seguiremos co apoio de empresas, organismos e institucións que fan posible este proxecto. Neste número facemos balance da Semana das Tic's, un evento celebrado o mes pasado que aglutinou a especialistas e empresas do sector con grande éxito de crítica e que vai ter continuidade

o próximo ano. A "Semana da Ciencia" chega nesta ocasión á súa segunda edición e enche o país de actos que pretenden achegar ó cidadán a realidade ás veces oculta do que se fai na nosa Terra. Non podemos esquecer o décimo aniversario dunha institución imprescindible en Galicia. O Centro de Supercomputación de Galicia cumpre dous lustros de intensa actividade e con renovado pulo. Sen el o país estaría sen dúbida estancado no eido científico, económico e social. Parabéns e felicidades a tódolos

que fan posible esa realidade chamada CESGA. A revista complétase coas súas habituais seccións de novas, reportaxes, análises de recursos, opinión, o rincón do hacker, xogos e pc práctico. Como sempre, invitámosvos a unirvos ó noso diario dixital, onde, poñéndodes simplemente o voso enderezo electrónico, podeades recibir gratuitamente e a diario as novas máis salientables do que acontece nas novas tecnoloxías. Deica o próximo mes, vémonos no portal www.codigocero.com.

firma invitada

¿Como constituír unha empresa en 24h sen necesidade de desprazarse?

Antonio Borreguero, asesor de dereito de novas tecnoloxías **4**

novas

Resumo da actualidade de e-comercio e de empresas relacionadas coas novas tecnoloxías **5**

reportaxes

Semana da Ciencia de Galicia: a investigación é de todos **11**

O Cesga cumpre o seu décimo aniversario eponse á cabeza de España en cálculo científico **13**

Software libre: hai máis alternativas, ademais de Microsoft **14**

Con Traduza G o que non pode escribir en galego é porque non quere **15**

Galiciatic aséntase como un axeitado canle de comunicación entre empresas tecnolóxicas **17**

Expourense, algo máis ca un recinto feiral **20**

nova economía

Xestión de tesourería **21**

Caixa Galicia: xogos on-line, comunidade e ocio en Internet **22**

e-comercio

Cómo construír unha tenda virtual (paso 3), o carriño da compra **23**

Promocione a súa web: a alta en buscadores **24**

opinión

Máis precaución cos vermes **25**

Consola paradiso **25**

o rincón do hacker

O futuro dixital, ¿virá por Astra ou por Satélite? **26**

barlovento

Un didáctico percorrido virtual pola Historia da Arte na Rede en múltiples imaxes **27**

Consellos prácticos sobre servizos de tradución **28**

pc práctico

Editor e intérprete de algoritmos representados en DFD **29**

xogos

"Star Wars: cabaleiros da antiga república" **30**



¿Se imaginan poder constituir una empresa desde su casa, en 24 horas?

Antonio Borreguero

Asesor de derecho de nuevas tecnologías

La idea es atractiva sobre todo si pensamos en el ahorro de trámites, tiempo y dinero que supondría agilizar, **mediante el uso de las nuevas tecnologías**, las condiciones para que todo joven emprendedor o veterano empresario afronte los retos que plantea el mercado único de la pequeña y mediana empresa en Europa.

En Europa

Todo este proceso de reforma en favor de la constitución y efectivo desarrollo de las pequeñas y medianas empresas tiene su origen en 1997, cuando la Comisión Europea presenta una recomendación sobre *"mejora y simplificación de las condiciones para la creación de empresas."*

Seguidamente, en 1999, se aprueba el **"Plan de acción para promover el espíritu empresarial y la competitividad"**, que se materializa el año siguiente con la adopción de la **"Carta Europea de la pequeña empresa"**, donde se pone de manifiesto la voluntad de fijar fórmulas societarias sencillas que, junto con el compromiso de eliminar las trabas administrativas existentes, agilicen la inscripción de este tipo de sociedades en los registros pertinentes mediante el uso de las nuevas tecnologías.

El espíritu, objetivos y compromisos de la Carta Europea se ponen en marcha a través del **"Programa Plurianual a favor de la empresa y el espíritu empresarial, en particular para las PYME"** y que continuará en vigor hasta el 2005.

En España

Paralelamente e impulsada por la voluntad de las instituciones Europeas y recomendaciones de la OCDE, la legislación mercantil española se ve inmersa en un proceso de reforma que comienza en 1995 con la entrada en vigor de la **"Ley de Sociedades de Responsabilidad Limitada"**, que pretende la potenciación y estimulación en la creación de este tipo de sociedades que conforman la "columna vertebral" de la economía española.

De hecho, en España existen 2.600.000 empresas, de las que el 99% son pequeñas y medianas y que generan el 78% del empleo. De ellas, el 64% son personas físicas, el 54% no tienen asalariados y el 39% son microempresas de hasta 10 trabajadores.

Sobre esta base, la legislación mercantil española incorpora una iniciativa legislativa cuyo objetivo fundamental es abarcar todas las áreas que afectan a la creación de empresas en España: la **Ley de Sociedad limitada Nueva Empresa**, abre la posibilidad de crear este tipo de sociedades en un par de días frente a los 30 a 60 días actuales, mediante un documento único electrónico y cuyos principales rasgos se detallan a continuación, en base a cuatro puntos fundamentales:

A) RÉGIMEN JURÍDICO NUEVA EMPRESA.

La **denominación social**, se compondrá por el nombre y dos apellidos de uno de los socios más un código alfanumérico seguido de "Sociedad Limitada Nueva Empresa" o las siglas **"SLNE"**.

El **capital social** no deberá ser inferior a **3.012 euros** ni mayor de **120.202 euros** y sólo podrá ser suscrito por **personas físicas** y exclusivamente mediante aportaciones dinerarias.

En su **constitución** se establece un *"numerus clausus ab initio"*, es decir, no podrá tener más de **5 socios**, y si la empresa está formada por un socio único, éste no podrá ser socio único de otra Sociedad Limitada Nueva Empresa.

Las **vías para la constitución** de la SLNE son dos: la tradicional o presencial, a la que podrán acudir los socios fundadores o sus representantes o la **novedosa**, a través de medios electrónicos

Supondría agilizar, mediante el uso de las nuevas tecnologías, las condiciones para que todo joven emprendedor o veterano empresario afronte los retos

. En ambos casos se requiere, escritura pública que se inscribirá en el Registro Mercantil correspondiente. Los miembros del **Órgano de Administración** deberán tener la condición de socios. En caso de ser un órgano pluripersonal nunca adoptará la forma ni el régimen de funcionamiento de un consejo de administración. En cuanto al **objeto social**, la ley establece una serie de actividades generales en el **Art. 132.1**, que tendrán necesariamente que incluirse en los Estatutos.

El listado es amplísimo, lo que permite en principio que puedan dedicarse a cualquier actividad, a excepción, obviamente de aquellas a las que se requiere la adopción de la forma societaria anónima o aquellas cuyo ejercicio implique un objeto único y exclusivo.

B) PLAN DE CONTABILIDAD SIMPLIFICADA

Su contabilidad podrá llevarse, en los términos que reglamentariamente se determinen, de forma simplificada a través de un solo registro. Dicho registro, basado en la llevanza de un único libro diario, permitirá el cumplimiento de las obligaciones que la normativa contable y fiscal determinan en esta materia.

C) CENTRO DE INFORMACIÓN Y RED DE CREACIÓN DE EMPRESAS (CIRCE)

Que integrarán los "Puntos de asesoramiento e inicio de Tramitación" (PAIT), y al que podrán adherirse los organismos, pertenecientes o no a las administraciones públicas, relacionados con la creación de empresas. Mediante desarrollo posterior, se fijarán las condiciones de adhesión a la Red CIRCE, así como las características y mecanismos de garantía de la calidad de los servicios a ofrecer sin perjuicio de las especificaciones técnicas necesarias para conectarse a la misma desde el punto de vista de la tramitación telemática como del asesoramiento a las empresas.

D) DOCUMENTO ÚNICO ELECTRÓNICO.

Es aquel que contiene todos los datos de la sociedad nueva empresa, y que de ser válidamente emitido tanto en forma como en contenido, será remitido a los registros Jurídicos y Administraciones Públicas competentes para que la sociedad se constituya, previo cumplimiento de las obligaciones fiscales y de seguridad social necesarias para el inicio de la actividad.

En cuanto a las **medidas fiscales aplicables** a la Sociedad Limitada Nueva Empresa,

la Administración tributaria concederá, previa solicitud de una Sociedad Limitada Nueva Empresa y sin aportación de garantías, el **aplazamiento de la deuda tributaria del Impuesto sobre Transmisiones Patrimoniales y Actos Jurídicos Documentados**, por la modalidad de operaciones societarias, derivada de la constitución de la Sociedad **durante el plazo de un año desde su constitución.**

También concederá, de igual forma, el **aplazamiento de las deudas tributarias del Impuesto sobre Sociedades** correspondientes a los dos primeros períodos impositivos concluidos desde su constitución, así como, el **aplazamiento o fraccionamiento de las cantidades derivadas de retenciones o ingresos a cuenta del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas** que se devenguen en el primer año desde su constitución.

La Sociedad Nueva Empresa **no tendrá la obligación de efectuar los pagos fraccionados** a que se refiere el artículo 38 de la Ley 43/1995, de 27 de diciembre, del Impuesto sobre Sociedades, a cuenta de las liquidaciones correspondientes a los dos primeros períodos impositivos concluidos desde su constitución."



CESGA: dez anos á cabeza de España en cálculo científico



O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) está de aniversario: dez anos promovendo servizos comúns de apoio á investigación e desenvolvemento no eido das tecnoloxías da información e das comunicacións avanzadas. Un organismo inaugurado no 93, froito dos esforzos conxuntos da Xunta e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para dotar a Galicia dun departamento que fose un referente no cálculo científico en España (no 93, era o de meirande capacidade do país). Para conmemorar este aniversario, as dependencias situadas no Campus Sur de Santiago recibirán o 13 de novembro a diversos persoeiros, representantes de institucións públicas e empresas que estean vencelladas á Investigación e Desenvolvemento. Por certo, e a xeito de anécdota, cómpre lembrar que este departamento volve ocupar agora o primeiro posto do ranking de efectividade de centros de computación de España gracias á incorporación dun superordenador que lle permitirá multiplicar por sete os seus servizos. Neste mesmo número de Código Cero, máis adiante, falamos cumpridamente deste sistema, desenvolvido por HP, que será utilizado na resolución de problemas de cálculo de grande envergadura.

Internet nos enchufes: co apoio da CNE e a seguir medrando


Agora que a Comisión Nacional de la Energía (CNE) dá o seu visto bo para que as empresas eléctricas ofrezan servizos de telecomunicacións a través das súas redes, parece que en teoría non hai impedimento algún para a súa implantación definitiva. A firma Iberdrola, que vai un chisco máis adiantada no desenvolvemento práctico da tecnoloxía PLC (que é a que permite este servizo), non fai máis que corroborar a realidade do acceso a Internet mediante enchufes ó iniciar _hai uns días_ comercialmente este tipo de accesos en varios barrios de Madrid: Arroyo Fresno, Ciudad de los Periodistas (30.000 clientes) ós que lle siguen Argüelles e Chamberí. O apoio da CNE (apoiado matizado pola vontade de desenvolver un marco normativo que regule a concesión de autorizacións) súmase ó previo da Comisión del Mercado de Telecomunicaciones (CMT), que lle concedeu ás tres eléctricas (Iberdrola, Endesa e Fenosa) a ampliación da licenza C1 que solicitaran para poder comercializar estes servizos. A Iberdrola (que xa realizou ensaios en Toledo, Valencia e Zaragoza, ademais de Madrid), en realidade, parece que non lle preocupa que esta tecnoloxía xa aplicada en Alemaña e noutros países resultase un auténtico fiasco, de aí que iniciase a prestación (non masiva) destes servizos na capital de España, accesos que teñen (o de máis calidade) unha velocidade de conexión de 600 kbps e que únicamente requiren dun módem con DHCP. Pola súa parte, Fenosa (logo de realizaren probas previas en varios puntos de España e América), espera comercializar en breve a tecnoloxía PLC. Endesa, conxuntamente con Auna, xa empezou a facelo en Zaragoza (hai alí unha red que dá cobertura a 20.000 fogares) e a Barcelona tocaralle no mes de xaneiro, logo das probas efectuadas nas dúas cidades.

¿Cando o móbil será como nosa nai?

A comezos do outono dábase a coñecer a nova de que unha operadora telefónica estudaba aplicar ós móbiles un software de interacción natural que permitiría entre outras cousas, o acceso a Internet e a tódalas funcións do teléfono con só pronunciarse unhas palabras. Pois ben, como as fontes de financiación comezan a decaer, estase a buscar coma na febre do ouro unha integración nos terminais coa que se poida acceder a tódolos servizos coas verbas máxicas e ó mesmo tempo que identifique rasgos faciais, rango de idade, sexo e incluso o estado anímico dos usuarios. Con esta finalidade realizáronse dous proxectos piloto. Un primeiro, centrouse nas posibilidades de voz e tacto para interactuar coas aplicacións e servizos da operadora, así é que en función da voz da persoa que fala, amosaralle na pantalla os contidos que considere adecuados. No caso de ser muller, presentaría en primeiro lugar as seccións de moda e beleza, mentres que no caso de nacer varón, sería o fútbol a nosa primeira teima. Tamén a través da voz captaríanse as emocións e estados diversos nos que nos poidamos atopar (ledicia, tristura, xenreira...). O segundo proxecto iría encamiñado ó recoñecemento facial axudado por unha cámara que rexistra a información sobre o rostro facilitando tamén a análise anímica.

Código Cero recoñecida como mellor web de medios de comunicación

Durante as xornadas de GaliciaTIC que se celebraron no Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia o pasado mes de outubro, a Asociación de Empresas Galegas Adicadas á Internet (EGANET) recoñeceu a Código Cero como a *mellor web de medios de comunicación de Galicia*, outorgándolle o galardón desta convocatoria. Carlos Ballesteros, subdirector de Código Cero, recolleu a distinción nun acto no que tamén se premiaron outras iniciativas empresariais, completándose así a primeira edición dos Premios EGANET, que agardan acadar continuidade en vindeiros anos, e pretenden recoñecer a labor da xente que traballa polo potenciamento e a difusión da Sociedade da Información en Galicia. Así, Igalia recibiu o galardón ós xoves emprendedores, Ifevi veu recoñecido como o mellor ó seu hot spot profesional, Infotarifa foi a mellor iniciativa empresarial e Código Cero a mellor web de medios de comunicación. Ademais, Antonio Llanos, fundador de Legazpi (un portal de transportes pioneiro como aplicación de comercio electrónico) recibiu o premio e honra da asociación por dar a coñecer e impulsar a realidade galega do sector da Internet.



Un 10 por cento máis en investimentos para Innovación no 2004

Os investimentos no sector da Sociedade da Información e a Investigación e Desenvolvemento (I+D) acapararán, xunto coa xeración de emprego, gran parte dos recursos que a Consellería de Innovación e Industria destina para o vindeiro ano, orzamentos que ascenden a 191.798.000 euros. Esta cifra representa un incremento do 10,36 por cento en comparación coa do ano en curso. Tres cuartas partes da cantidade total irán dirixidas a investimentos a fomento de postos de traballo. Os orzamentos, que foron presentados o día 4 de novembro no Parlamento polo conselleiro Juan Rodríguez Yuste, teñen como principal obxectivo potenciar a competitividade do sector privado do noso país. Polo que respecta a I+D, as medidas a levar a cabo (dentro do Plan Galego de I+D+i para o período 2002+2005) supoñen un desembolso de 58.827.000 euros, o que en termos de porcentaxe quere dicir que se experimentou un incremento do 26% con respecto a este ano que transcurre. Cómpre destacar tamén o apoio ó fomento das enerxías renovables (1.981.000 millóns para o vindeiro ano) e á mellora nas infraestruturas enerxéticas (15.606.000 euros), o apoio ó entramado tecnolóxico (7.285.000 euros), o compromiso coa modernización empresarial e mellora da competitividade nos sectores industrial e servizos (case 30 millóns de euros, o que supón un incremento do 16%). Por último, e polo que atinxe a natureza desta revista, convén destacar o destinado no programa Estratexia de Galicia na Sociedade da Información: 4.851.000 euros, cifra que representa un aumento do 142 por cento.

Galicia xa é responsable de máis do 10 por cento da produción española de audiovisual

Galicia supera o 10 por cento da produción de toda España no sector audiovisual. Así o dixo o conselleiro de Cultura, Xesús Pérez Varela, durante a sesión plenaria do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia celebrada en Santiago, na que engadiu o seguinte dato de interese para o noso país: "Nos últimos catro anos experimentouse un crecemento no sector de máis de 159 por cento do volume de negocio". Esta situación foi atribuída polo titular de Cultura á política da Xunta, que concedeu axudas duns 8 millóns de euros para este ano, un 12 por cento maiores cás do ano pasado. "Agora é o momento axeitado de internacionalizarse", engadiu, facéndose eco do clima de positivismo que rodea toda iniciativa que se pon en marcha nestes últimos meses no sector. As previsións a corto prazo son as seguintes: produción de 12 longametraxes e a estrea doutros sete; proxección de tres telefilmes, outras tantas series de televisión e máis de corenta curtametraxes.





TECNOLOXÍA E DESEÑO

**CENTRO DE INNOVACIÓN
E SERVICIOS**

¿Quiénes somos?

El Centro de Innovación y Servicios de Galicia está creado para ayudar y complementar a la empresa gallega, detectando y asesorándola en sus necesidades tecnológicas y aportando soluciones específicas

¿Qué Hacemos?

SISTEMAS INFORMÁTICOS

Bases de Datos a medida. Desarrollo de Aplicaciones y Sistemas de Información.

MULTIMEDIA

Presentación de actividades y productos en soporte digital, Diseño y Animación 3D, Diseño WEB.

TELEMÁTICA

Desarrollo de servicios para entornos de comercio electrónico, Asesoría y apoyo técnico en las necesidades de comunicación de la empresa.

FORMACIÓN

Formación Multidisciplinar para profesionales recién titulados. Programas Master.

CAPTACIÓN Y GESTIÓN DE AYUDAS Y SUBVENCIONES PARA PROYECTOS

Captación de Recursos a través de las líneas de Ayudas existentes a nivel regional, nacional y europeo.

Microsoft quiere a "cabeza" dos creadores do "Blaster" e do "Sobig"

Os creadores dos virus "Blaster" e "Sobig" xa teñen prezo, concretamente medio millón de dólares pola información que leve á súa captura. Así o manifestaron os representantes de Microsoft, axeitadamente arroupados nunha conferencia de prensa por diversas autoridades do FBI, os servicios secretos dos Estados Unidos e a Interpol. O espectacular (pero esperado, tendo en conta o moito que veñen alporizando os delinquentes informáticos ós departamentos de seguridade da multinacional de Gates) anuncio é o novo capítulo dunha historia que comezou oficialmente en xaneiro deste ano, coa detección do virus Sobig, que se propagou por correo electrónico facéndose pasar por "producto Microsoft" (aí lles doe). O catálogo de afrontas chegou ó seu tope co Blaster, que este verán parecía ir como unha frecha directo a inutilizar o portal Windows Update de Microsoft. A multinacional, disposta agora a chegar a onde sexa necesario chegar, porá en marcha unha iniciativa (da que forman parte as dúas anteriores medidas) de Recompensas Antivirus que inclúe cinco millóns de dólares para contribuir, man a man coas autoridades, a identificar e arrestar ós creadores de virus, vermes e outras malas artes.

Seguen a propoñer a San Isidoro de Sevilla como candidato a patrón de Internet

A Rede necesita unha figura relixiosa que guíe dalgunha maneira ós internautas. O xornalista José Manuel Vidal, responsable da web Religión Digital, así o entende, por iso estes días se está a organizar no seu portal unha curiosa votación: ¿quen podería ser o patrón máis axeitado para dirixi-los pasos dos usuarios de Internet?, ¿a quen se terían que encomendar estes no caso de que tivesen entre mans unha tarefa de gran envergadura na Rede? Entre os nomes santos que se presentan estes días na devandita web destacan dous por enriba de tódolos demais: San Juan Bosco (I Becchi Castelnuevo de Asti, Italia, 1815) e San Isidoro de Sevilla, cada un deles representando aproximadamente o 25 por cento dos votos dos visitantes. Séguennos Santa Tecla e Santa Clara de Asís. Por certo que o que máis entusiasmo espera, aínda que non sexa o máis votado, é Isidoro de Sevilla, que naceu no século VI e foi responsable da conversión de moitos visigodos ó cristianismo. Foi un gran erudito e un mestre na arte da comunicación no seu tempo. El foi o creador dos primeiros buscadores temáticos.



Profesores da USC poderán poñerse ó día no galego a través da Rede

A Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Psicoloxía de Santiago pon en marcha un servizo de docencia virtual do galego a través de Internet. A iniciativa, que consiste nun curso de elaboración de materiais docentes baseados nas novas tecnoloxías, vai dirixido ó profesorado deste centro educativo: de xeito práctico e personalizado tratarase de introducir

o galego no seu traballo concreto de cada día. Así, procederáse á instalación de software nos ordenadores de cada profesor. Na organización do curso están por vez primeira traballando conxuntamente tres servizos da USC. **O obxectivo final deste programa é conseguir que normalizar o uso de galego en tódolos eidos, e para iso, ¿que mellor que facendo uso dos novos sistemas informáticos?**

II Curso de Postgrao sobre Seguridade Técnica e Legal en Internet

Dende o 27 de novembro ata o 30 de abril impartirase un curso de postgrao da Universidade da Coruña sobre *Seguridade Técnica e Legal en Internet* que, durante 250 horas lectivas pretende dar a coñecer os principais instrumentos técnicos e legais para conseguir seguridade práctica na Internet, buscando formar especialistas que teñan amplos coñecementos en ambas materias para a súa aplicación no ámbito profesional. Como novidade desta segunda edición do curso de postgrao está a posibilidade de matricularse de xeito separado no módulo técnico ou no xurídico.

O curso está dirixido polos profesores Franciso Javier Sanz Larruga e Antonino Santos del Riego, e a secretaría correspóndelle a Víctor A. Salgado Seguín (colaborador de Código cero), con quen se debe contactar no caso de precisar máis información.

Premios Galicia de Investigación: nomes propios

Dentro do programa de actos da Semana da Ciencia en Galicia, a Consellería de Innovación e Industria fixo públicos os nomes dos destinatarios da sexta edición dos Premios Galicia de Investigación. O xurado adxudicou o "Premio Antonio Casares y Rodrigo de Investigación Científico-Técnica" ó profesor Luis Castedo Expósito, catedrático de Química Orgánica da Universidade de Santiago. Asemade, reservouse unha mención especial a Tarsy Carballas, doutora en Farmacia e licenciada en Ciencias Químicas.

O Premio de Investigación Científico-Técnica para Investigadores Mozos fallouse a favor de José Rivadulla Fernández, doutor en Ciencias Químicas tamén pola USC. Os premios serán entregados nun acto presidido polo titular da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, que se vai celebrar o próximo 26 de novembro. Os Premios de Investigación, na súa primeira modalidade, teñen unha cuantía de 37.000 euros. Polo que respecta á outra categoría, a do recoñecemento á xuventude, levan consigo 6.100 euros.

Impacto das novas tecnoloxías na sociedade galega

O Instituto Galego de Estatística está a realizares anualmente a que se considera como a maior enquisa sobre condicións de vida das familias na nosa terra. O tamaño da mostra é de preto de 6.500 fogares cun promedio de 20.000 persoas enquisadas. Un dos cambios metodolóxicos máis importante que se introduciu na pesquisa foi a inclusión dun submódulo adicado a avalia-lo impacto das novas tecnoloxías na sociedade galega.

Como se observa na gráfica, o 42,78% das persoas de cinco ou máis anos usaron teléfono móbil en Galicia. Esta porcentaxe alcanzaría o máximo na provincia de Pontevedra cun 44,79% e o mínimo na provincia de Ourense cun 36,16%.

Se analizamos conxuntamente os datos relativos ó sexo e idade, obsérvase como a diferenza de uso de telefonía móbil entre homes e mulleres está fortemente influída pola idade. Así, para os grupos de mozos de 5 a 14 anos e de 15 a 19 é maior a porcentaxe de mulleres que usan móbil que a de homes (11,73% dos homes e 14,70% as mulleres de 5 a 14 anos e 64,88% os homes e 75,94% as mulleres de 15 a 19 anos). O grupo composto por mozos de 20 a 29 anos teñen porcentaxes moi semellantes, mentres que para idades superiores a porcentaxe de uso é claramente superior en homes que en mulleres.



Q CESGA achegou a Ópera en directo con calidade de DVD

O vindeiro mércores 15 de outubro, o Gran Teatro Liceu de Barcelona inaugurou o Obradoiro de Introducción á Ópera, ofrecendo ós estudantes universitarios a posibilidade de asistir en directo a unha ópera sen moverse do seu centro educativo gracias á rede Internet de segunda xeración que na nosa comunidade é proporcionada polo Centro de Supercomputación de Galicia. Así, o CESGA fixo posible que os alumnos dos campus de Santiago e Lugo puideron asistir á retransmisión en directo deste ciclo de ópera que se abrirá con *Hamlet*, para pasar logo a *Tosca*, *Wintermärchen*, *Peter Grimes* e *Macbeth*. A calidade da retransmisión será semellante á dun DVD gracias a conexións de entre 8 e 15 Mbytes/seg, que é posible garantir nas actuais redes de 2,5 GBytes/seg, das que dispón o CESGA.





Ábrense novas fiestras de contidos futbolísticos

Os responsables de Xornal.com lanzan Futbolsite, un novo xornal on-line sobre fútbol, con espazos para tódolos equipos de Primeira División, que complementará unha edición en papel que se distribuirá de balde en algúns estadios. A web inclúe un amplo repertorio de novas e análises dos equipos da liga española, así como da selección nacional e de fútbol internacional, con actualizacións continuas ó longo do día. Na súa portada podemos ver os resultados de Primeira División, a clasificación e o listado dos vindeiros encontros.

Salientar tamén o nacemento de Fútbol da Costa é unha nova iniciativa integrada dentro do proxecto Fiestras auspiciado por R e que pretende ofrecer un espazo para tódolos clubs de fútbol da Costa da Morte e a tódolos afeccionados do deporte rei. O espazo axudará ós clubs a ter a súa propia web, sendo o primeiro en aproveitar tal servizo o Xallas C. F.



Comezan a testificar os enfermos que levaron a IBM a Xuízo

O prestixio de IBM está un pouco deslucido estes últimos días. A primeira semana de novembro comezaron a testificar ante un tribunal californiano os ex empregados de IBM que presentaron cargos contra a multinacional norteamericana por non terlles avisado de que a súa laboura ensamblando discos duros e outros obxectos podía provocarlles cancro. De feito, cando se redactou esta nova xa declararan Alida Hernández e James Moore _ámbolos dous aqueixados da doenza_, á espera de que o fixesen uns 250 compañeiros máis. IBM deféndese aducindo que non existen probas dabondo como para demostrar que estas persoas desenvolveron a enfermidade a causa dos produtos da multinacional.



Novos pulos para a alfabetización dixital da comunidade universitaria galega

O desenvolvemento das novas tecnoloxías da información está a acadar novos pulos en Santiago de Compostela. Desta vez tócalles mover ficha á Universidade de Santiago e á Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín, que en virtude dun acordo asinado esta semana colaborarán xuntas en apoio do Plan Estratéxico das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (PETIC) e no Programa de Creación de Empresas da Universidade (Uniemprende, programa do que forma parte o curso para novos empresarios que se desenvolveu no Auditorio da USC). O convenio foi subscrito no Colexio de San Xerome, onde Xosé Luís Méndez, vicepresidente da devandita fundación, expresou a súa confianza neste acordo, que potencia elementos (as TIC) que “nos diferencian e distinguen de épocas pasadas”. O rector da USC, Senén Barro, fixo fincapé no moito que se beneficiarán estes planos (PETIC e Uniemprende) en virtude da sinatura, “programas que favorecen o camiño á modernidade”.

Pescastocks xa move 12 millóns de kilos de peixe ó ano

Pescastocks.com, a lonxa virtual de Pesca2.com, xa lidera o mercado español de produtos pesqueiros frescos e conxelados na súa compra-venta a través da Internet. A pesares de levar pouco tempo en activo, a falta de competencia lanzou á lonxa virtual viguesa a un éxito notable, cunhas 2.200 entradas (entre ofertas e demandas) no mes de setembro, movendo preto dun millón de kilos ó mes (cun valor promedio superior ós 3 millóns de euros). As demandas comezan a ter unha grande importancia, chegando en setembro ás 1.000 toneladas, cun valor global de 5 millóns de euros, das que se podería suliñar unha demanda de 1.000 toneladas de bonito.

Telefónica Móviles pon o UMTS en fase de probas

Telefónica Móviles anunciou o lanzamento pre-comercial do servizo UMTS de telefonía móbil de terceira xeración, cumprindo cos compromisos adquiridos coa Administración, aínda que nesta etapa piloto só poderán acceder ó servizo os clientes corporativos, que o terán de balde.

Ata 2004 non se producirá o lanzamento comercial do servizo, que se comercializará para distintos tipos de dispositivos móbiles, entre os que estaría unha solución PCMCIA para ordenadores portátiles con acceso á Internet de 384 Kbps (máis que unha conexión estándar de ADSL ou cable). As estacións base da nova tecnoloxía desplegaranse durante os vindeiros anos podendo chegar ás 8.000 en 2005 (fronte ás 1.100 que estarán durante o que resta de ano), o que supón un forte investimento para a compañía.



Internet chega ó 72,5 por cento das empresas galegas

Segundo un estudo recente do Instituto Nacional de Estatística (INE), o 72,5 por cento das empresas galegas de dez ou máis asalariados tiña conexión a Internet en 2002. Esta cifra vén a confirmar un aumento na presenza dos servizos da Rede no sector privado do noso país, malia estar por debaixo dese 81,73 % que representa a todo o territorio nacional. Polo que respecta ó uso dos ordenadores, dicir que en Galicia o 90,12% das empresas conta con equipos informáticos, cifra que está por enriba das de Extremadura (90,05) ou Castela A Mancha (89,37) pero por debaixo de tódalas restantes Comunidades Autónomas. No que atinxe ó uso do email, o 66,68% das firmas galegas ten correo electrónico e o 34,31% das mesas conta con páxina web.

O malestar dos internautas coa SGAE polo canon dos CDs, lonxe de diminuír

Continúan as críticas ós supostos beneficios da SGAE co canon por CD e DVD gravables. O malestar entre os internautas polo canon que a Sociedad General de Autores Españoles (SGAE) impuxo recentemente por CD e DVD gravable está moi lonxe de chegar ó seu fin. Logo de facer fincapé en que non se pode supoñer que todos os que compran un CD sexan culpables de piratear (os CDs poden utilizarse para moitas máis cousas, como almacenamento de fotografías ou de arquivos de texto, entre outras funcións) e impoñerlles esta taxa, colectivos como www.putasgae.org, www.sincanon.hispalinux.es ou www.devolvamoselataque.tk inciden na cuestión dos beneficios co seguinte exemplo: se se gravasen diariamente en España un millón de CDs e, tendo en conta que se pagan 20 céntimos de canon por cada artigo vendido, entón a SGAE obtería 200.000 euros diarios (33.277.400 pesetas), cartos obtidos por _segundo estes colectivos_ “non facer nada”. Asemade, os internautas “antisgae” poñen a disposición dos restantes usuarios da Rede un apartado (www.antisgae.internautas.org/esp_listanegra.php) no que se ofrece unha relación de todos aqueles autores que apoian o canon, sendo “ó seu xuízo” a meirande parte deles artistas á baixa que non venden un disco dende hai moito tempo”. Por último recordan en diferentes comunicados o papel que xogan agora grupos como Extremoduro (que presentou o seu disco nas instalacións da SGAE) ou La Polla Récorde, antigamente abandeirados do punk máis combativo e hoxe “apoiando de primeiros na lista o canon”.

O proxecto CegalNet xunta na Internet a 35 librarías galegas

A Confederación Nacional de Gremios e Asociacións de Librarías (Cegal) e a Federación de Libreiros de Galicia participaron en Santiago nunha reunión na que se deron a coñecer os últimos avances do proxecto CegalNet, unha rede que permitirá unir as librerías españolas a través de Internet, activando unha extensa base de datos de consulta e xestión, dirixida a libreiros e distribuidores. O acceso a CegalNet, que se realiza a través do portal www.libreiros.org, oferta unha serie de ferramentas como é “a posibilidade de que os libreiros descarguen fichas ós seus propios programas de xestión, co conseguinte aforro de tempo e cartos, facilitando tamén a realización de pedidos ós provedores e a elaboración de albarás” segundo informou El Correo Gallego.



O ADSL racha records en outubro

O pasado mes de outubro acadou unhas cifras na demanda de conexións ADSL sen precedentes en España, superando incluso as previsións máis optimistas, co mellor resultado dende o lanzamento desta tecnoloxía de banda ancha. 115.000 é o número de conexións ADSL vendidas, polo que xa se supera o millón e medio de liñas ADSL en toda España que, xunto co cable, daría un total de case 2 millóns de conexións de banda ancha en todo o Estado. O único problema desta demanda é que Telefónica se ve desbordada e os retrasos nas altas se convirten nunha cousa habitual nestas datas, tamén provocada pola falta de modems ADSL suficientes.

Fracaso comercial dos DVD desbotables

O DVD desbotables xa levan uns días nas tendas estadounidenses, e non parecen acadar as vendas agardadas. Estes discos, denomeados EZ-D, están comercializándose nunha fase de proba, e consiste nuns discos pechados ó baldeiro, de xeito que, unha vez que se abre, o disco comeza a se degradar, sendo útil durante as seguintes 48 horas. Este tipo de produto foi denunciado públicamente como unha medida anti-ecolóxica que só xeraba lixo, comparándose cos CD-ROM de promoción do servizo de AOL que asulagou os quioscos norteamericanos (pois adxuntábanse en múltiples revistas). Os EZ-D pretenden facer así unhas especie de aluguer para películas de DVD, sen precisar a súa devolución, pero parece que o servizo non resulta atractivo para os compradores (aínda que é posible que se deba a un prezo excesivo).



Unión Fenosa estudia levar a Internet ó rural por PLC

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións otorgou licencias ás compañías eléctricas españolas para dar servizos de telecomunicacións a través das súas propias redes mediante a tecnoloxía PLC, polo que se poderían aproveitar os cables da luz para transmitir datos ou voz, entrando así en competencia coas compañías tradicionais de telecomunicacións e xa hai novas de que Unión Fenosa está a estudar o levar a Internet ós núcleos do rural, pois poderían ofertar así unha opción competitiva e rendible. Nos grandes núcleos urbanos, ó ter que competir co ADSL e coas conexións de cable (R no caso galego) o rendemento de tal operación sería moi discutible, pero nas pequenas vilas si tería sentido prestar tal servizo dado que a rede de cable de fibra óptica tardará bastante en chegar. De tódolos xeitos, Fenosa non parece moi partidaria de entrar nun negocio con tanta competencia, dado que entraría en desvantaxe, polo que haberá que agardar para ver o que pasa.

Os profesores están "verdes" en informática, segundo o Goberno

O Ministerio de Educación puxo os datos sobre a mesa: un de cada tres profesores de Primaria, Secundaria, Bacharelato e FP declárase completamente descoñecedor do que poderían ser as liñas de base do manexo dun ordenador. De feito, se a informática fose unha linguaxe, a terceira parte do corpo docente podería calificarse de iletrada dende o punto de vista tecnolóxico. Estes son os datos que arroxa a "Enquisa piloto sobre Sociedade da Información e a Comunicación nos centros educativos" que realizou o Ministerio de Educación segundo datos do curso 2000-2001. A enquisa pon de relieve outros datos a ter en conta: o 54,2 % dos profesores autodefínese como "usuario". Existe unha porcentaxe do 8,7 % que manexa con soltura estes sistemas, podéndose encadrar dentro do nivel "avanzado". Só un 2,6 por cento declárase como "experto".

A USC impulsa un proxecto de comunidade virtual en Brión

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) impulsa e tutela unha iniciativa pioneira de "comunidade virtual" no municipio coruñés de Brión, coa fin última de que poida ser estendida ó resto de vilas galegas, no marco do denominado proxecto Sindur (Sociedade da Información e Desenvolvemento Urbano Rexional). Esta experiencia incluírá a instalación de ordenadores portátiles en tabernas, centros parroquiais e institucións, e non se descartará a creación de ciber-clubs, a fin de garantir a participación de todos os habitantes, mesmo aqueles, como os maiores, cuxo contacto coas novas tecnoloxías é nulo.

O Arquivo Sonoro do Consello da Cultura Galega segue a medrar

O Arquivo Sonoro creado polo Consello da Cultura Galega en 1992 ten xa máis de 4.000 documentos editados e 3.000 inéditos, para salvaguardar a memoria oral e musical a través de gravacións do pasado recente e do presente, que avanza nun proceso de dixitalización do que aínda quedarían uns 7 anos para poder contar con todo o fondo dixitalizado, segundo un artigo de La Voz de Galicia. O coordinador do arquivo, dirixido por Ramón Castromil, é o músico Rodrigo Román, que pertenceu ó grupo Milladoiro durante 22 anos, que comentou no devandito artigo que o proceso de dixitalización é lento porque se fai en tempo real. O arquivo non só contén pezas musicais, senón que tamén intervencións sonoras de persoeiros coma Otero Pedrayo, Suárez Picallo ou Castelao.

Cincuenta empresas no I Encontro Empresarial Infobusiness

Foi no mes de outubro cando tivo lugar a reunión de máis de 50 empresas TICs no marco ourensán do Parque Tecnolóxico de Galicia, como xa informabamos no noso número correspondente ó devandito mes. Neste encontro, que foi inaugurado pola subdirectora xeral de Acceso á Sociedade da Información, Concha Mayoral, participaron empresas procedentes de toda España e Portugal, aínda que foron tres as firmas tractoras que se achegaron ás PEMES e microempresas para coñecer a súa labor e detectares novas demandas no mercado. Estamos a falar de Microsoft, SUN Microsystems e BEA. En total efectuáronse máis de cen encontros bilaterais programados entre as empresas participantes en función das súas ofertas e demandas para buscar colaboración en sociedades conxuntas, distribución, comercialización, ou en investigación e desenvolvemento de novos proxectos.



O Salón Inmobiliario del Atlántico acollerá a "Casa do Futuro"

A domótica é unha realidade, e cada vez hai máis xente en Galicia que demanda saber cómo é unha vivenda intelixente e qué vantaxes lle reportará. Para satisfacelos, na primeira edición do Salón Inmobiliario del Atlántico (SIA) a celebrar no Instituto Ferial de Vigo entre o 21 e o 23 de novembro, presentárase un prototipo de fogar destas características, un exemplo de novas tecnoloxías aplicadas no eido doméstico en beneficio da comodidade dos seus habitantes. Esta "Casa do Futuro" (cun espazo de 200 metros cadrados), estará controlada por unha rede que comunica tódolos dispositivos electrónicos do fogar, estando tamén conectada co exterior.



O Centro Multimedia de Galicia organiza un obradoiro de Internet

O coñecemento e o correcto uso das novas tecnoloxías da información é o tema que vertebra o obradoiro de Internet recién inaugurado polo Centro Multimedia de Galicia. Este órgano adscrito á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, que desenvolverá o devandito curso ata finais de ano, organizou ó longo da segunda semana de novembro unha preliminar sesión de "quecemento" de contidos en distintos escenarios do noso país: Lugo (Aula de Productos Lácteos), Monforte, A Coruña (CGAI e Biblioteca Pública Miguel González Garcés), Santiago (Centro Multimedia e Facultade de Ciencias da Información), Pontevedra, Ribeira, Redondela, Verín, Ourense e A Estrada. Logo, a partir do 1 de decembro, dará comezo o corpo principal dun curso (76 horas) que, tendo como eixe a sede do Centro Multimedia en Compostela (Hórreo, 61), poderase seguir nas devanditas aulas mediante videoconferencia. Para máis información recoméndase acceder á web www.cmg.xunta.es.

A Xunta proporcionará información ó corpo docente a través de SMS

A Consellería de Educación está a desenvolver un dispositivo de información para o corpo docente galego mediante mensaxes curtas SMS, que poderán ser visualizadas por calquera teléfono móbil. Os contidos dos textos enviados terán natureza diversa, aínda que o xermolo do proxecto (probos efectuadas con persoal de Formación Profesional e ensinanza de Réxime Especial) baseouse en informar sobre destinos provisionais dos mestres. A iniciativa (da que informa cumpridamente Europa Press) forma parte do proxecto SIEGA e responde a intención da Xunta de aplicar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TICs) a tódolos seus procesos administrativos internos e máis externos (de cara as relacións cos cidadáns). Neste caso concreto, tratábase de desenvolver todo tipo de contidos interactivos vencellados á educación. Por certo que dentro do proxecto SIEGA tamén se prevé a



instalación de 5.000 novos ordenadores para chegar, neste curso, a unha cifra de 27.000 en colexios de Infantil, Primaria e Secundaria.

Os datos dos alumnos de primaria xestionaranse cun carné electrónico

Todolos alumnos de Educación Infantil e Primaria de Galicia estarán rexistrados en soporte informático mediante un carné electrónico que simplificará o almacenamento de datos do alumnado. Durante este curso, a Consellería de Educación, a través do proxecto SIEGA (Sistema de Información da Educación Galega), extenderá esta fórmula de xestión a 768 centros galegos, despois de terse demostrado a súa utilidade na administración de datos nuns vinte colexios que foron escollidos para experimental a iniciativa. De esta forma, cada alumno só terá unha referencia electrónica para evitala duplicidade de datos ou a súa preinscripción cada vez que se cambie de curso ou de centro escolar, pois esta información estará centralizada na Consellería de Educación.

EXPOenter

2mil

IV Salón
Multimedia y de las Comunicaciones
Ourense, del 5 al 8 de Diciembre de 2003



ORGANIZA



Expourense
feira de mostrás

Finca Sevilla. 32005 Ourense
Apdo. Correos 132 - 32080 Ourense
Telf. 988 36 60 30 - Fax 988 36 62 04
www.expourense.org
expourense@expourense.org

COLABORAN



XUNTA
DE GALICIA



CONCELLO DE OURENSE



Inorde



Universidade de Vigo

caixanova



Cámara
Ourense



CONFEDERACIÓN
EMPRESARIAL
DE OURENSE



Unha semana non sempre ten sete días. Hai semanas, como as da ciencia que organiza a Xunta ata finais de novembro, que duran un mes enteiro, tempo que se considerou axeitado para promover todo tipo de actividades (conferencias, mesas redondas, exposicións, itinerarios didácticos e premios) dende Santiago a tódalas principais poboacións de Galicia en beneficio da difusión da cultura científica e tecnolóxica e de tódolos cidadáns. Non se trata de facer de cada galego un científico pero si de abri-las portas dos centros de investigación: “Estades na vosa casa”, podería ser o lema da iniciativa. Polo de agora, esta segunda edición da Semana da Ciencia deu os seus primeiros pasos coa inauguración da mostra didáctica “Do paleolítico ós ordenadores: os usos da sílice”, visible no Colexio de Fonseca de Santiago de Compostela.


Mostras e visitas

Os centros tecnolóxicos e de investigación e as tres Universidades colaboran na ‘Semana da Ciencia’ con actividades que pretenden achega-la súa actividade ós cidadáns. Neste sentido, ademais da mostra da Universidade de Santiago, a Universidade de Vigo levará unha exposición sobre a súa actividade investigadora dende Vigo ata Ourense e a Universidade da Coruña dará acubillo a unha mostra na que se fai un percorrido por ideas innovadoras procedentes da Universidade europea que foron trasladadas á empresa. Esta mesma mostra estará antes nas instalacións do CIS-Galicia, en Ferrol. Pola súa banda, o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento abrirá ó público dúas exposicións, unha sobre a obra do fotógrafo galego Manuel Chicharro e outra sobre arqueoloxía; levará a cabo varias xornadas de portas abertas, charlas en centros educativos e socioculturais e excursións por rotas arqueolóxicas; e celebrará unha conferencia sobre o valor da innovación e varias mesas redondas sobre a Historia de Galicia.


O Centro de Supercomputación de Galicia, o Parque Tecnolóxico de Galicia, a Misión Biolóxica e o Instituto de Investigacións Mariñas celebrarán tamén xornadas de portas abertas para poñer-la súa actividade diaria a disposición do público. O Cesga abrirá tamén unha mostra virtual sobre a historia das máquinas de cálculo científico e celebrará o seu décimo aniversario no marco da ‘Semana’. Pola súa banda, o Parque Tecnolóxico de Galicia celebrará unha semana de xornadas temáticas dedicadas ó empresario, á agroindustria, á Universidade, ó emprendedor e á FP, que albergarán, ademais dun amplo programa de visitas guiadas, unha conferencia de José Folgado, secretario de Estado de Enerxía, entre outras actividades. Ademais, o Centro Tecnolóxico do Mar levará a cabo unha serie de itinerarios didácticos que tratarán sobre o medio mariño, a pesca, a acuicultura, a elaboración de alimentos do mar e a construción naval. Por outra parte, o Instituto Enerxético de Galicia organizará unha xornada sobre enerxía eólica no Parque Experimental de Sotavento. No marco da ‘Semana’ serán presentados tamén os resultados de dous proxectos europeos desenvolvidos en Galicia: o Gaelic, de internacionalización das pemes; e o e-Minder, de comercio electrónico, que terán lugar en Santiago e en Vigo, respectivamente.

Semana da Ciencia de Galicia: a investigación é de todos

por REDACCIÓN

 Abrimos con cifras: detrás da segunda edición da Semana da Ciencia e da Tecnoloxía en Galicia hai case vinte organismos do Sistema Ciencia-Tecnoloxía-Empresa do nos país, e ó longo do mes de novembro celebraranse medio centro de actividades, entre conferencias, mesas de expertos, exposicións variadas, xornadas de portas abertas, itinerarios didácticos e premios á investigación. Toda unha oportunidade para todos aqueles cidadáns que sempre consideraron a Ciencia en xeral algo exclusivo dun reducido grupo de especialistas. Agora non haberá escusa. Os actos que forman parte da iniciativa deron comezo o pasado día 30 de outubro, coa apertura da mostra “Do paleolítico ós ordenadores: o uso da sílice”. Na organización hai un variado “surtido”

de participantes: as Universidades galegas, os centros de investigación e os centros de tecnoloxía, todos eles coordinados pola Dirección Xeral de I+D da Consellería de Innovación, Industria e Comercio. Un dos puntos fortes do programa é sen lugar a dúbidas a entrega dos Premios Galicia de Investigación, acto que contará coa presenza de Manuel Fraga, presidente da Xunta de Galicia. Tamén se procederá a presentar o Premio Galicia Innovación Junior 2004. Os obxectivos principais da “Semana” son os citados máis arriba (se os cidadáns non se achegan á Tecnoloxía, a mellor opción é levar-la directamente a eles), ademais dos seguintes: estimula-lo coñecemento da ciencia, a tecnoloxía e a súa historia, e poñer en valor o patrimonio científico técnico e as iniciativas aportadas por tódolos axentes que integran o Sistema de Innovación.



Ciclo de conferencias e mesas de expertos


As actividades de divulgación dirixidas ó gran público teñen como punto de partida un ciclo de conferencias e de mesas de expertos que contan co apoio económico de Caixanova.

O ciclo de conferencias foi organizado en colaboración cos medios de comunicación de referencia en cada unha das sete principais cidades galegas. A primeira delas terá lugar o 6 de novembro na Coruña e estará a cargo de Juan Pérez Mercader, director e fundador do Centro de Astrobioloxía; co-descubridor do gravito-magnetismo, unha propiedade do espacio-tempo predita por Einstein; e científico adxunto do Beagle-2, unha nave que chegará a Marte a finais de ano. O día 13, David del Val estará en Lugo para falar da súa experiencia como fundador dunha empresa que lle foi vendida a Bill Gates. Gabriel Ferraté, rector da Universitat Oberta de Catalunya, recoñecida co premio á mellor universidade virtual do mundo, dará a súa conferencia en Santiago o día 18. O día seguinte Pedro Miguel Etxenique, Premio Príncipe de Asturias de Investigación Científica, estará en Vigo. O día 20 Alfonso Valencia, coordinador da Rede Española de Bioinformática, contará a súa experiencia en Ferrol. O día seguinte, en Pontevedra, Margarita Salas falará como primeira científica en investigar sobre bioloxía molecular en España, primeira muller en ingresar na Real Academia das Ciencias, primeira muller en presidir o Instituto de España e primeira investigadora en ingresar na Real Academia Española. Por último, o día 27 Antonio Quesada director da expedición ‘Limnopolar’, na Antártida, dedicada ó estudio dos efectos do clima en ecosistemas polares de auga doce, estará en Ourense.

No caso das mesas de expertos, foron concibidas co obxectivo de abrir liñas de debate sobre a I+D+i en sectores estratéxicos para a economía galega. A organización das mesas está a cargo de centros tecnolóxicos e da Universidade. A primeira delas, sobre Acuicultura, celebrarase en Vigo o día 5. Organizada polo Centro Tecnolóxico de Acuicultura de Galicia, coincidirá coa ‘III Xornada de Especialización en Xornalismo Científico’ e coa presentación do ‘II Premio de Xornalismo Científico Galicia Innovación’, a cargo da Dirección Xeral de I+D da Consellería de Innovación. A seguinte mesa, sobre Telecomunicacións, terá lugar en Santiago da man do Centro de Supercomputación de Galicia e estará patrocinada por Fujitsu España. O día 14, en Vigo, terá lugar a mesa de expertos en Centros Tecnolóxicos, organizada polo Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Santiago. Tres días despois celebrarase a mesa sobre Tecnoloxías da Información e das Comunicacions e Sociedade da Información en Ferrol, coa colaboración do Centro de Innovación e Servizos de Galicia. O día 24 terá lugar no Parque Tecnolóxico de Galicia, en Ourense, a mesa de expertos sobre Alimentación. Por último, o día 25, e coa colaboración do Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia, celebrarase en Vigo unha mesa de expertos sobre Automoción.

Puntas de frecha, ordenadores e outras ferramentas de interese

por REDACCIÓN

 A segunda edición da Semana da Ciencia e da Tecnoloxía en Galicia inaugurouse o xoves 30 de outubro no Colexio de Fonseca de Santiago cunha exposición didáctica sobre dos usos da sílice. Este mineral, moi abundante en Galicia en forma de cuarzo (o noso país é líder no seu aproveitamento), vén sendo utilizado para fabricar obxectos útiles dende o paleolítico chegando a converterse nos nosos días en materia prima de primeira orde no desenvolvemento de pezas tecnolóxicas, sobre todo no sector informático. A exposición, organizada polo Museo Luís Iglesias da Universidade de Santiago de Compostela, contou na inauguración coa presenza do vicerrector de Investigación e Desenvolvemento Eduardo García-Rodeja e a do director xeral de I+D, Pedro Merino. A mostra, que estará aberta ata o 23 de novembro, irá especialmente

dirixida a estudantes de tódalas idades, ós que se lles facilitará material explicativo específico.

A colección pon á vista do público exemplares de cuarzo excepcionais _moitos procedentes da Mina Blanquita de Portomouro-doados polo recentemente finado Gustavo Varela Gutiérrez de Cabiadas, profesor do Instituto compostelán Rosalía de Castro. Para os interesados na interrelación tecnolóxico-xeolóxica, dicirlles que para este curso está programada a mostra de rochas galegas "A Ruta das Pedras", que se exporá ó aire libre e de xeito permanente no Parque Eólico Experimental de Sotavento. Tamén estaba previsto que en breve saíse á luz o libro financiado polo Parlamento de Galicia, *Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago*, obra da investigadora do museo e especialista en Historia da Ciencia, Ánxela Bugallo.



Semana da Ciencia e da Tecnoloxía
Centro de Innovación e Servizos

17
luns

18
martes

19
miércoles

20
xoves

21
venres

**Semana da
Ciencia e da
Tecnoloxía 2003**

Mesa de expertos en TIC e Sociedade da Información



17
novembro
2003





Sobre o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)

Creado no ano 1993, o CESGA é unha compañía científico-tecnolóxica participada pola Xunta de Galicia e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC). Ten por misión principal favorecer a xeración de coñecemento en diversas áreas proporcionando servizos horizontais para satisfacer intereses científicos, tecnolóxicos e industriais. O CESGA préstalle á comunidade científica servizos de cálculo e almacenamento de altas prestacións, xestiona a Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia e o Punto Neutro de Internet en Galicia. Ademais, o CESGA participa na dinamización da Sociedade da Información e o Coñecemento a través das súas unidades de tele-ensino, comercio electrónico e sistemas de información xeográfica.

Para máis información contactar con:
Fernando Bouzas
Centro de Supercomputación de Galicia
Tel. 981 569 810
Fax: 981 594 616
fbouzas@cesga.es

O CESGA é de novo o maior centro de cálculo científico de España

por REDACCIÓN

O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) vén de constituírse no centro de cálculo científico de maior capacidade de España, trala incorporación as súas instalacións dun novo superordenador que lle permite multiplicar por máis de sete a súas prestacións, e que foi cofinanciado con Fondos Europeos para o Desenvolvemento Rexional (FEDER).

A necesidade de adquirir o novo equipamento, desenvolvido pola compañía HP, veu dada pola amplitude da comunidade que recorre ao CESGA para resolver os seus traballos, e que acadaxa máis de trescentos grupos de investigación.

O presidente do CESGA, Pedro Merino, asegura que o “obxectivo derradeiro” destas medidas é “promove-lo coñecemento e poñelo

ó servizo do desenvolvemento socioeconómico de Galicia”, e matiza que para conseguir unha “mellora sostida” é necesario “centra-la atención no propio Sistema Ciencia-Tecnoloxía-Empresa de Galicia, para reforza-los seus puntos máis febles e xerar así unha infraestrutura permanente capaz de da-lo salto do coñecemento á innovación coa maior eficacia”.

Coa incorporación do novo servidor, a capacidade de cálculo do centro aumentou de 125,9 a 893,9 xigaflops (miles de millóns de operacións por segundo), o que lle permitirá á comunidade científica abordar problemas de maior complexidade, levar a cabo os seus proxectos con maior axilidade e eficacia e potencia-lo vencellamento con investigadores doutros centros españois, europeos e

estadounidenses.

Esta solución de altas prestacións, que comezará a funcionar antes da fin de novembro, está constituída por un cluster de dous Superordenadores modelo HP Integrity Superdome, que está baseado nunha nova xeración do mais avanzado procesador de Intel (Itanium 2 6M) capaces de facer correr os sistemas operativos Windows, Linux e UNIX simultaneamente. O sistema dispón dun total de 128 procesadores.

O CESGA seleccionou o servidor de HP despois de convocar un concurso aberto para a adquisición do equipamento, ó que tamén se presentaron outros fabricantes coma Fujitsu, IBM, SGI e Sun, e integradores locais coma Catón.



O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) vén de integrar como parte dos seus equipamentos un novo superordenador que lle permitirá multiplicar por sete as súas prestacións. Coa entrada en funcionamento deste novo sistema, desenvolvido por HP, o CESGA converterase no centro de cálculo científico de maior capacidade de España. O servidor, que se dedicará fundamentalmente á resolución de ‘grandes’ problemas, permitiralle á comunidade científica abordar tarefas de maior complexidade. A adquisición das novas máquinas ven dada polo incremento rexistrado na demanda de cálculo dos usuarios do CESGA e pola maior dimensión dos seus problemas.

Un ordenador para resolver ‘grandes problemas’

O novo equipamento dedicárase prioritariamente á resolución de “grandes problemas”, é dicir, daqueles procesos que demandan unha grande cantidade de recursos de cálculo e memoria.

Por este motivo, á hora de adquiri-lo superordenador esixíuselle unha grande capacidade de cálculo e de memoria principal, unha baixa latencia (tempo de espera) de acceso á memoria, unha alta velocidade da rede de interconexión de nodos e un grande ancho de banda de acceso ó almacenamento secundario.

Ademais, o novo sistema debía ser capaz de convivir co resto dos servidores existentes no Centro, polo que era importante que contase coas características técnicas e servizos necesarios para a súa perfecta integración na instalación.

Á hora de adquiri-lo servidor valorouse tamén a facilidade de adaptación dos usuarios e das súas aplicacións ó novo contorno, así como a sinxeleza de operación no sistema. A pesar da impresionante capacidade de computación proporcionada polo novo sistema, os investigadores teñen problemas que precisan aínda máis recursos de computación, polo que o Cesga está a traballar tamén en proxectos de tecnoloxías ‘Grid’, os que perseguen unir virtualmente os recursos de centros que se atopan afastados entre eles.

Software libre: hai máis portas ás que chamar, ademais de Microsoft

O software libre ten en España un dos seus principais aliados. Tanto entre os usuarios particulares como (cada vez máis) entre as administracións públicas, que ven nos programas de código aberto unha oportunidade para abaratar custes de instalación e pago de licencias e fomentar a independencia tecnolóxica. É o caso da experiencia extremeña (Linex) e a súa continuación andaluza (Guadalinux). No noso país, o Grupo de Usuarios de Linux de Galicia (GLUG) lidera a loita por convencer a cidadáns e institucións de que a elección é posible: hai máis portas ás que chamar, ademais da de Microsoft. Ata o de agora, se non querías Windows a única alternativa na que se pensaba era precisamente Windows. Ou sexa: $1 + 1 = 1$.



Linux "á galega"

No noso país, como en calquera outro, a unión fai a forza. Neste caso, os que incrementaron a súa capacidade de actuación son asociacións e iniciativas como Trasnó.net (tradución do software libre ó galego), a devandita GLUG (que por certo organiza dende hai dous anos as moi concurridas e interesantes Jornadas sobre Software Libre en Galicia), GALPON (Grupo de Amigos de Linux de Pontevedra), GULO (Grupo de Usuarios do Linux de Ourense) ou, dende A Coruña, o GPUL (Grupo de Programadores y Usuarios de Linux). Hai máis colectivos e de seguro seguirán aparecendo outros, sempre que haxa informáticos ou usuarios de novas tecnoloxías ós que non lles agrada a idea de que os produtos de Microsoft copen máis do 90 % do mercado mundial. Sobre todo agora que se sabe que os países non desenvolvidos veríanse beneficiados no caso de implantar masivamente o sistema operativo do pingüín. Ó parecer, utilizar software de código aberto permitiría consolidar unha infraestrutura tecnolóxica de baixo custe e estable. Na pasada edición de Hispalinux, un representante do Goberno de Brasil puxo sobre a mesa cifras contantes: "O pago por licencias a multinacionais supón 1.200 millóns de euros, un tercio da facturación das nosas empresas do sector das novas tecnoloxías.



por REDACCIÓN



En España existe dende hai anos unha nova especie de usuario de ferramentas informáticas: o usuario de software libre e do sistema operativo Linux (a alternativa a Windows que máis medrou nos últimos anos). Malia que o individuo medio soe ser un mozo/a de entre 25 e 30 anos, de formación universitaria, con experiencia temperá no mundo das novas tecnoloxías e habitual de grupos e congresos sobre programas de código aberto (grupos que serían algo así como os "antiglobalización" da informática), o certo é que cada vez se tenden a diluír máis esas características fixas. Non podería ser doutra maneira (que estes sistemas alternativos cheguen a máis persoas, de tódalas idades e condicións) tendo en conta que este país é o que lidera o apoio ó software libre no mundo. Polo menos iso foi o que dixeron os especialistas que acudiron á pasada edición de Hispalinux. Foi o caso de Ian Murdock, fundador de Debian e un dos "popes" mundiais do movemento, quen sinalou que España guía os pasos doutros países na consecución dunha sociedade de coñecemento libre. Tras estas declaracións rastrexáronse alusións ó que fixo a Junta de Extremadura (un sistema operativo propio, Linex) e, este ano, nunha liña semellante pero con algunhas modificacións, o goberno andaluz, que co Guadalinux constatou a súa aposta polo software libre. Hai máis exemplos dende as administracións públicas: o que levou a cabo a Axencia Estatal de Administración Tributaria (EAT), que incluíu o sistema operativo Linux na súa plataforma informática co obxectivo de optimizar as xestións

diarias e o uso da información. O proceso levou consigo a incorporación dun servidor IBM de gama zSeries. Dicar tamén, para afondar na mesma liña, que o Parlamento de Cataluña obrigou á Generalitat a fomentar o uso do software libre e que o Ministerio de Administracións Públicas apostou tamén por Linux a través do proxecto RHODAS, do mesmo xeito que o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía. Entre as razóns que movén ós organismos públicos do país a estas e outras iniciativas pódense atopar a seguinte: menor custe. Nunha entrevista recentemente publicada en Internet, Damián Fernández, presidente do GLUG, definía así o que pode representar Linux para as administracións: "Quitando temas políticos e as súas implicacións, o pulo está posibilitando que xente sen recursos ou sen os coñecementos suficientes a nivel tecnolóxico poidan achegarse a este mundo sen complexos. Só lembrar que a Comunidade de Madrid, unicamente coa Consellería de Sanidade, gastou máis de 2.5 millóns de euros en pagar licencias a Microsoft, se, só en licencias porque todos sabemos que o que nos venden é a licenza de usalo, non a súa propiedade. ¿Cantos centros como os que se están a montar en Extremadura e Andalucía poderíanse crear con eses 400 millóns?", sinalou o informático galego. Sexa como sexa, existen máis vantaxes: **1.** O propio concepto de software libre implica que se poida e **modificar o código fonte;** **2.** Con estas ferramentas, os usuarios aseguran que se podería **aproveitar moito mellor a memoria** dos terminais e **3.** Os ordenadores "**clávanse**" con **menor frecuencia.**

O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, contrario ás patentes do software

Diversos colectivos *proLinux* de España e Galicia recibiron a nova con optimismo. Juan Costa, ministro de Ciencia e Tecnoloxía, manifestou recentemente no Senado que a postura do Goberno é contraria á polémica norma de patentes do software que, chegando de Estados Unidos, parece querer implantarse no eido da Unión Europea. Ó seu xuízo, o software non debe ser patentado, ó que engadiu: "A posición do Goberno é única e exclusivamente deixar claro que o que non se pode facer é deixar que haxa actuacións da Oficina Europea de Patentes que, de facto, poidan supoñer incorporar criterios máis laxos ou flexibles á hora de patentar determinados tipos de innovacións, procedementos ou aplicacións informáticas". Segundo Costa, o software debe gozar da garantía de propiedade intelectual e, polo tanto, non se debe ampliar, senón concretar e deixar claro cál debe ser o marco comunitario na protección no eido das patentes".



A posición do Goberno é única e exclusivamente deixar claro que o que non se pode facer é deixar que haxa actuacións da Oficina Europea de Patentes que, de facto, poidan supoñer incorporar criterios máis laxos ou flexibles á hora de patentar determinados tipos de innovacións, procedementos ou aplicacións informáticas". Segundo Costa, o software debe gozar da garantía de propiedade intelectual e, polo tanto, non se debe ampliar, senón concretar e deixar claro cál debe ser o marco comunitario na protección no eido das patentes".

Patentes que, de facto, poidan supoñer incorporar criterios máis laxos ou flexibles á hora de patentar determinados tipos de innovacións, procedementos ou aplicacións informáticas". Segundo Costa, o software debe gozar da garantía de propiedade intelectual e, polo tanto, non se debe ampliar, senón concretar e deixar claro cál debe ser o marco comunitario na protección no eido das patentes".



Traduza-g: redúcense as escusas para non escribir en galego

O sistema de traducción automática Castelán-Galego Traduza-g é un produto de Dimensiona Consultoría Tecnolóxica S.L. empresa con capital galego e privado nun cen por cen que está a revolucionar con esta ferramenta informática o mundo da traducción textual. O método sobre o que se apoia Traduza-g execútase en sistemas operativos Windows 98/NT e 2000 e funciona a unha velocidade de 900 palabras por segundo. Conta cun dicionario de 20.000 palabra raíces.



Un proceso de alta velocidade

Alta velocidade no proceso, esa é outra das ofertas estrela, inda que depende do equipo no que se atope instalado Traduza-g, para facer unha estimación amósase a velocidade acadada sobre un Pentium III a 800Mz con 128 Mb de memoria, serían: na traducción de arquivos de texto, 966 palabras/seg, na traducción de arquivos Html, Asp...644 palabras/seg, e na traducción dun arquivo formato Word... 600 palabras/seg. Para exemplificar dunha forma máis representativa as velocidades, a traducción completa do Quijote levaría arredor de seis minutos.

Canto á portabilidade e compatibilidade do sistema de traducción automática hai que reseñar de novo que execútase sobre sistemas operativos Windows 98/NT/2000/ME o que garantiría unha portabilidade e compatibilidade en calquera posto de traballo ou servidor empresarial, xa que o sistema operativo é empregado en máis do 90% das instalacións informáticas existentes. Outra vantaxe sería que reconece e traballa co formato de texto do Word 97/2000, algo que non fan outros tradutores existentes. Daquela...se queremos, podemos, e senón... tamén.

A oferta preséntase nutrida dun amplo abano de posibilidades, xa que se proporcionan diferentes opcións de traballo tanto para grandes empresas con volumes masivos de información a tratar, como para pequenos despachos de profesionais e empresas de traducción, así como para firmas e usuarios particulares finais. As tarifas e prezos tamén se acollen ás categorías e demandas do propio cliente, con modalidades diferentes para adaptarse ás súas necesidades.

por REDACCIÓN

Moitas son as razóns que a día de hoxe por obriga substitucional, ou por participares en medios de escrita en lingua galega, levan a un número elevado de persoas e entidades empresariais a precisar dunha traducción de calidade e rápida que dé solución a esta necesidade actual e urxente. Pois ben, na procura de dar saída a unha demanda cada vez maior neste eido xurdíu a proposta do sistema de traducción automática Traduza-g, levado adiante pola consultoría tecnolóxica Dimensiona. Para coñeceres a grandes rasgos o aspecto novidoso do sistema faremos unha achega á oferta que se ofrece. Os sistemas de traducción automática permitirían nun tempo mínimo contar cunha versión aceptable dos textos iniciais na lingua de destino. É dicir, cun pequeno esforzo posterior de revisión e sen necesidade de adicar un tempo substancial á transcripción mecánica dos textos, poderíanse obter versións moi amplas de textos nun galego de calidade.

traballa con formatos Word 97/2000, txt, asp e html, mantendo as configuracións tratadas e traducindo só os textos correspondentes

O método de traducción automática consiste nunha ferramenta informática capaz de pasar os escritos en castelán mecánicamente ao galego. Traballa con formatos Word 97/2000, txt, asp e html, mantendo as configuracións tratadas e traducindo só os textos co-

respondentes. Execútase sobre PC en sistemas operativos Windows 98/NT/2000. Estas dúas características farían posible que o texto traducido non precise dun reaxuste do formato propio do documento orixinal e que a instalación se realice nun PC sinxelo coa vantaxe que iso supón dende o punto de vista técnico e económico. Un dos revulsivos da utilización é que a ferramenta non precisa de ningunha cualificación especial no campo da informática do persoal que o utilice.

Por enumerares algunhas das características que contén o sistema Traduza-g poderíase falar da análise por frases que realiza, das 900 palabras por segundo, da súa categoría de ser un produto galego ó 100% financiado na súa totalidade con capital privado, ou a aceptación dos formatos Word 97/2000, html, asp/asp, txt...e a execución sobre PC en sistemas Windows 98/NT/2000. Habería que facer mención da mesma forma que o sistema de traducción automática do castelán ó galego aplica a normativa oficial establecida na actualidade, conseguindo unha alta calidade na súa aplicación en certa medida porque a análise faise por frases, presentando unha intelixibilidade do 100%, unha fiabilidade do 96% e un dicionario de máis de 20.000 palabras raíces, sen contar xénero, plurais, xénero e conxugacións verbais. Ben é certo que o sistema non suple por completo o traballo dun profesional, mais si que facilitaría e n o r m e n t e a labouira por aforrares arredor dun 70% do seu tempo, xa que todo o proceso de mecanografado é practicamente eliminado.



TraduZa-g Sistema de traducción automática
Español - Galego



por **Manuel Gago.**
Especial de Bos Aires.
magago@usc.es

Ímonos facendo vellos os xornalistas dixitais, señores. O que antes nos provocaba friccións –as relacións cos vellos medios papel, as fontes que nos ignoran e nunca se colocan ao teléfono- agora nos esperta reflexións. Estou en Bos Aires, Arxentina. A temperatura é primaveral. Diante miña, subido a un auditorio, está o escritor e xornalista Martín Caparrós. Aí fóra, está a rebuleira cidade europea do sur de América. Estas son unhas liñas escritas rapidamente para Código.

Martín Caparrós –un veterano xornalista argentino- proxecta sobre a pantalla do Auditorio do Museo Latinoamericano de Arte Contemporánea imaxes de nais viúvas de fillos, ladróns que lembran con nostalxia a compañeiros asasinados nos arrabaldos de Bos Aires. O que quere demostrar Martín son as posibilidades dun xornalista penetrando cunha pequena cámara Mini DV nos suburbios de Buenos Aires. As súas reportaxes, coma o traballo e as reflexións de outros vinte profesionais, estanse a debater agora mesmo no I Congreso Latinoamericano de Periodismo Digital. O evento está organizado pola edición dixital do diario Clarín e nel participan directivos, profesionais e profesores universitarios do xornalismo dixital de América e o Estado español xunto con estudantes da Arxentina. O modelo de congreso está exportado a partir dos Congressos Nacionais de Periodismo Dixital que se celebran anualmente na aragonesa cidade de Huesca.

Volvo a escoitar a Martín Caparrós: “estas reportaxes fainas unicamente unha persoa que tenta facelo da forma menos mediatizada posible”, “facer as reportaxes de TV por un mesmo permite a democratización da produción”. Roberto Guareschi, xornalista da edición papel de Clarín, ratifícao máis tarde: “estase a cumprir unha promesa incumplida de Internet: unha certa democratización da información”.

Nas xornadas, debateuse sobre os modelos de organización das redaccións dixitais. Existe no gremio un discusión continua: ¿como se harmoniza, como se conseguen harmonizar dúas redaccións –a do xornal en papel orixinal- e a dixital? Problemas similares semellan acontecer na Arxentina e América. Gumersindo Lafuente, director do español elmundo.es insistiu na independencia das dúas redaccións pero, ao mesmo tempo, lembrou a importancia desa ciencia infusa que son as relacións informais entre as persoas que deciden cousas en ámbalas dúas. Para Lafuente é importante marcar diferencias na versión elmundo.es con respecto a El Mundo en papel. “Nós tentamos facer un produto para chegar a xente que nunca compraría El



Mundo en papel, centrándonos na información e na actualización informativa e restrinxindo a opinión”. Angélica Peralta, do arxentino La Nación Line, insistiu noutro aspecto interesante: proximidade ao poder, ás tomas de decisións. As redaccións dixitais son, dentro dos xornais, ás veces, cousas de *breaks*. Pero a audiencia, segundo Angélica, incrementouse cando se pasou a depender directamente da dirección executiva do grupo editorial.

O I Congreso Latinoamericano de Periodismo Dixital amosa a vitalidade do xornalismo na segunda economía de fala hispana del mundo

Futuros un chisco retrasados

Nas xornadas debateuse sobre os modelos de organización das redaccións dixitais. Existe no gremio un discusión continua: ¿como se harmoniza, como se conseguen harmonizar dúas redaccións –a do xornal en papel orixinal- e a dixital?

O evento está organizado pola edición dixital do diario Clarín e nel participan directivos, profesionais e profesores universitarios do xornalismo dixital de América e o Estado español

A situación actual co presidente Kirchner semella estable a nivel institucional, pero todo o mundo insiste en que ningún dos problemas que provocaron as caceroladas hai un ano están solucionados e que nestes momentos, o país vive nunha burbuxa.

O futuro retrasado

Rosental Alves, da Universidade de Texas, puxo a guinda da xornada: “Nunca se viu unha etapa de tanta incertidume e a revolución dixital é moito máis do que se ve. As tecnoloxías volven obsoletos non só ás empresas senón tamén aos profesionais. O futuro está retrasado...iso só aumenta a inxenuidade. A web é un medio interino, intermediario, é un *preview*.”. Profecías para unha xornada extenuante.



O debate sobre identidades e formación é tamén relevante. Un aspecto interesante, que xenera controversia entre profesores universitarios e profesionais, é o grao de especialización dun alumno de xornalismo que comece a traballar en edicións dixitais. Para Fernando Jáuregui, un veterano do xornalismo estatal e agora director dun medio dixital chamado Diario Directo, “simplemente hai xornalistas”. Este elemento pareceu coincidir entre os profesionais dos medios. Os profesores universitarios insistiron, sen embargo, na complexidade recente do territorio das novas tecnoloxías asociado ao xornalismo. Os contidos son relevantes: os xéneros, os xeitos de contar, están a transformarse.


Un *impass*. O italoarxentino Mario Santinoli –fora gurú de relevancia no tema novas tecnoloxías na metade dos 90- apareceu por aquí e lembramos cando, na primeira experiencia dixital que fixemos na Facultade de CC. da Información, a Gaceta Dixital, Santinoli pesaba exactamente 14 megas en vídeo na páxina de inicio. Agora, Santinoli, con verbo fácil de intelectual formado nos 70, adícase á consultoría de medios para América Latina. Con el e os compañeiros de Clarín falamos á comida da situación actual na Arxentina no que un sempre se fai a mesma pregunta: ¿Como é que o país chegou a esta situación de crise? A situación actual co presidente Kirchner semella estable a nivel institucional, pero todo o mundo insiste en que ningún dos problemas que provocaron as caceroladas hai un ano están solucionados e que nestes momentos, o país vive nunha burbuxa. Roberto Guareschi recorda o papel dos periódicos durante a crise das caceroladas en decembro do 2001: “ningún dos grandes medios arxentinos non estivemos á altura das circunstancias e non captamos o momento que estabamos a vivir. O cataclismo social e a manifestación de cousas novas que se estaban a xerar ningún dos diarios cubriuna ben”

Avenidas e weblogs

Os weblogs, chamados tamén bitácoras ou pequenos diarios dixitais, foron debatidos como novo fenómeno do xornalismo, aínda que en realidade, como concepto, son case tan vellos como a propia Internet. Para Roberto Guareschi, o diario unipersonal “pódelle dar aos medios convencionais algo que veñen perdendo dende hai moito tempo: a proximidade co lector”. Segundo Guareschi, “Os weblogs xa son fonte de referencia para a xente en cuestións centrais da súa vida coma o traballo pero non para os medios de comunicación, Isto é unha cortedade”. En xeral, todo son beizóns para este formato de moda. María José Cantalapiedra, da Universidade do País Vasco, sinalou que é “nos weblogs onde se están a explotar as características do hipertexto, moito máis que nos grandes medios” Cantalapiedra sinalou, de tódolos xeitos, que o consumo exclusivo de blogs fragmenta en exceso a información.

Ignacio Escolar, un xornalista freelance madrileño, falou das repercusións para a profesión: “O que antes era as nosas fontes para o xornalismo, os expertos, agora están a emitir por si mesmas. Este xénero colócanos no fin da intermediación e obrígaranos a que sexamos moito máis coidadosos co que dicimos porque nos poden sacar as cores”.

Roberto Guareschi, de Clarín papel: “Os weblogs xa son fonte de referencia para a xente en cuestións centrais da súa vida coma o traballo pero non para os medios de comunicación, Isto é unha cortedade. En realidade, non se lle están a prestar atención aos medios que non están na avenida principal do xornalismo”.




No mundo tecnolóxico trabállase pola comodidade das persoas. E pola optimización no manexo das empresas. Imos cara unha situación de control absoluto dos recursos. A tecnoloxía une, non separa. De aí que en Galiciatic se presentaran ferramentas que tratan de atar os posibles cabos soltos que xera a xestión dun negocio, neste caso o da localización exacta de vehículos ou traballadores. Juan Manuel Uña, de ADM (Santiago), púxonos ó tanto sobre o GPRS.

Teléfonos móbiles, solución para os extraviados

En Galicia estanse a ofrecer as mellores solucións no que se refire a localización de recursos móbiles. Se antes falabamos dun sistema apoiado no aproveitamento dos satélites, agora convén afondar noutras tecnoloxías. Como por exemplo a que presentou en Galiciatic a empresa Ramón Naveiras S.L. (pertencente a Unitec), unha firma radicada en Ferrol que pon a disposición dos seus clientes o sistema MD-Sitúa, unha ferramenta que, sobre o uso de teléfonos ou tarxetas SIMs, permite a localización de vehículos e persoas, sempre que estean en zona de cobertura e teñan os terminais acesos. Non se necesita unha solución de nova infraestrutura: chega co móbil e dispoñer de acceso a Internet para visualizar en mapa onde está ese móbil. O sistema baséase en situar a través de triangulación GSM: segundo as estacións base que dan cobertura ó teléfono poderemos averiguar a zona na que está este terminal. A través do interface web permítese ver cartográficamente a situación do vehículo, proporcionándolle ó cliente a posibilidade de realizar seguimentos durante un período de tempo, ou diferenciar entre os terminais que se queren localizar e os que non, por grupos ou subgrupos (trasladando o organigrama da empresa á aplicación práctica do MD). Unha das vantaxes máis chamativas desta ferramenta (e que en realidade segue a tendencia mundial da nova tecnoloxía: tendencia á simplificación) é que non se precisa mercar equipo adicional. Asemade, e segundo fixo saber a firma galega, é un sistema moi económico e cunha marxe de erro pequena, sobre todo en zonas de boa cobertura, como por exemplo os espazos urbanos. O MD-Sitúa pódese aplicar en calquera empresa con efectivos móbiles. "Calquera empresa de mediana dimensión ten unidades de transporte ou persoas vencelladas ó traballo na rúa", comentou Paco Alonso, da firma ferrolá, ó que engadiu: "Apórtase non so a posibilidade de localizar e aportar seguridade en mercancías senón unha meirande facilidade á hora de xestionar os recursos, ademais de evitar as perdas de tempo nos traballadores, perdas que moitas veces se dan por problemas de organización".

por REDACCIÓN

 -ADM Comunicaciones, empresa que dende o 91 traballa nas telecomunicacións, presenta en Galiciatic un sistema de localización de vehículos do que se está falar moito este ano, ¿pode vostede poñermos ó tanto de qué é e cómo funciona exactamente o voso dispositivo?

-O nome é longo: "sistema de localización GPS para control e xestión de flotas e asignación e optimización loxística". Baixo todas estas palabras atópase un produto que permite que as empresas teñan meirande eficacia e axilidade á hora de xestionar os seus recursos móbiles.

-Ou sexa, que se trata dun produto orientado ó sector dos transportes, ¿non?

-O primeiro que vén á cabeza é o transporte. Pero, pensemos, ¿que empresa non ten hoxe en día un comercial?, ¿ou unha flota de técnicos? Non podemos pecharnos ó transporte.

-¿Son vostedes os fabricantes do produto?

-O fabricante é a firma Movisat. Nós somos distribuidores.

-Ben, agora si, díganos en qué consiste esta ferramenta.

-O primeiro que hai que ter en conta é a base sobre a que se apoia todo: o GPS, sistema de posicionamento global...

-¿Localización por satélite?

-Si, iso é. Inicialmente de uso militar nos Estados Unidos, esta ferramenta foi aplicada ó sector civil coa chegada dos anos noventa, coa desmilitarización dos satélites. O fundamento é este: os satélites envían información gratuita e constante ó sistema GPS. Nós equipamos ós vehículos ou persoas con dispositivos que lles permiten ser localizados, equipo que será dun ou doutro tamaño dependendo da funcionalidade que desexe o cliente. Preténdese que nun centro de control se saiba onde se encontran. O traspaso da información do vehículo ou persoa ó centro de control pode facer de

"Queremos que as empresas teñan un control fiable dos seus vehículos en movemento"



diversas maneiras. Normalmente faise mediante GSM ou GPRS.

-¿Por que estas e non outras?

-Porque son fiables, baratas e dixitais (dán máis xogo na configuración). Ata finais do ano pasado usábase GSM con comunicación de datos e SMS, mensaxes textuais. Agora chega o GPRS, que ten vantaxes

engadidas. O GSM tarifábase por tempo e o GPRS por megas de información baixados. A información recíbese nun centro de control que pode ser un PC (monoposto ou ben multiposto), teléfonos móbiles que soporten java, PDAs e Internet. Esta información recibida consiste basicamente na posición (cunha mínima marxe de erro) do vehículo buscado, incluíndo datos

a maiores como as coordenadas do punto onde se atopa, o seu estado ou data e hora da posición. O noso sistema permite ademais unha gravación de rutas: almacena nunha memoria circular posicións programadas por nós, co que temos a información de quilómetros percorridos, puntos de paso, distancia sen descansar, etcétera.

Alfons Cornellá: "Tecnoloxía ou desaparición"



Atrapalo.com: o ocio ó alcance de calquera economía

Logo do soño, vén a realidade. Despois de quebras e despedidos, froito de malas planificacións empresariais sobre un marco que non se coñecía ben (Internet), o que queda é un panorama onde xente cos pés ben asentados na terra adócese a utilizar os recursos das novas tecnoloxías en beneficio da imaxinación e a competitividade, e non ó revés. Nesta liña creativa cómpre situar a Atrapalo.com, unha iniciativa en certo sentido innovadora e que, no congreso Galiciatic, serviu de exemplo (segundo ponentes como Alfons Cornellá) de cómo hai que facer negocios na Rede. Básicamente, do que se trata é de poñer a disposición dos internautas un portal que funciona como unha unidade de xestión de ocio ó mellor precio. Espectáculos máis baratos, en calquera lugar de España, en virtude da optimización do "stock" de determinadas empresas (o que lles sobra, o que non son quen de colocar no mercado). Para dicilo aínda máis claramente: Atrapalo.com é unha especie de axencia de viaxes ou actividades de ocio especializada en ofertas. Entradas de cine, teatro, concertos, reservas en restaurantes, aloxamento en calquera punto de España: todo ten cabida nesta web. "A nosa posición", dixo Ignacio Sala durante o transcurso de Galiciatic, "é a de comisionistas, tendo para este ano unha previsión de facturación de 10 millóns de euros". Ó seu xuízo, a clave do éxito dunha iniciativa destas características ou similares pasa polo seguinte: eliminar barreiras de entrada, elixir un produto estrela (espectáculos/viaxes) e animar ós clientes a repetir a experiencia. Evidentemente, a viabilidade do proxecto non

por **Redacción**

Ou innovas ou desapareces. Así de simple. Unha frase taxante que, como tódalas frases ben ditas, funciona de resumo. Prácticamente en todo o que se dixo durante as tres xornadas de Galiciatic subxacián esas palabras: tecnoloxía ou fin, imaxinación ou naufraxio. Foi Alfons Cornellá (Infonomía.com) un dos que máis incidiu na cuestión. O ponente catalán (designado por El Mundo o ano pasado como unha das persoas máis influíntes en Internet en España) engadiu que non podería ser doutro xeito, nunha sociedade onde a oferta é moi superior á demanda, ó contrario do que acontecía antes. Chega un momento en que case non queda máis remedio que inventar todo tipo de aparellos sorprendentes pero prácticos: "Trátase de innovar", recalcou Cornellá, "de inventar obxectos como por exemplo o globo que xa adorna algunhas mesas de traballo nos Estados Unidos, globo que, sorprendentemente, non só está conectado a Internet senón que tamén cambia de cor dependendo de cómo estean os valores en bolsa. Tecnoloxía ambiental". Ó seu xuízo, estamos a vivir unha época que é paradigma do marketing, momento histórico en que o que prima é o sofisticado e, paralelamente, o que nos axude a ser máis eficientes: "Dentro de tres ou catro anos non terei por qué vir aquí a Santiago, con todos

vostedes, "in situ", senón que faremos uso da videoconferencia ou a telexmersion", engadiu. Tecnoloxías que contribúan a producir. Axentes ó servizo da economía. Ferramentas, non finalidades. "Se pensan que a tecnoloxía axuda a ser máis productivos... teñen vostedes razón", sinalou Cornellá, ó que engadiu: "Pero non se queden aí. As empresas enténdeno. A clave da competitividade pasa polo uso estratéxico da tecnoloxía. 'Productivade x Innovación' é unha ecuación multiplicativa. Se un dos dous factores é cero, entón non se consegue absolutamente nada". Alguén preguntou entre os asistentes cómo facer para que o resultado da operación matemática fose o máis alto posible. Chegaron os exemplos prácticos para disipar dúbidas. O fundador de Interacción animou a innovar (aínda quedan infinitas cousas por inventar), a sacar adiante proxectos como o escaneador e almacenador de tarxetas personais de cartón; ou unha ferramenta (de eWatch) que permite ver, monitorizar ós teus competidores; ou iniciativas como a de dicelared.com (empresa española) que proporciona ó usuario unha relación de comentarios e páxinas do que se está a dicir na Rede de determinadas palabras (por exemplo a marca da empresa do usuario). Sen embargo, un dos proxectos que máis sorprendeu foi o da empresa Innocentive, unha firma que está a desplazar a investigación en desenvolvemento de laboratorios

pechados ó mercado: "Puxéronse en Internet retos ós científicos do mundo, ofrecéndolles diñeiro se os superaban. Hai máis de 23.000 científicos apuntados, de todo o planeta, a meirande parte deles de países emerxentes ou retirados, e

incluso científicos españois que chegaron a superar algúns retos. Pensen durante un momento nisto: alguén en paro que resolve un reto científico en Innocentive. Este é o país que temos", concluíu Cornellá.



seleccionar un obxecto de baixo consumo, senón todo o contrario: había que buscar algo que fixese a meirande cantidade de persoas. E logo está a cuestión "boca a boca", de aí que os responsables do portal ideasen o sistema "ámigo", un apartado que lle permitía ó usuario reenviar ofertas a outros usuarios (máis ou menos, a media de cartas destas características é de 30.000 á semana, o que representa unha cifra nada despreciable).

Paralelamente ás persoas, que cada vez (polo menos no plano teórico) teñen máis e mellores coñecementos acerca de ciencia e tecnoloxía, tamén evolucionan os escenarios nos que se moven. Por exemplo os fogares. O desenvolvemento lévanos de cheo cara unha relación máis plena cos elementos que os integran. A última parada esta viaxe será o fogar intelixente. Hai unha empresa en Galicia que soubo dende hai tempo da natureza deste proceso. Falamos de Televés. En Galiciatic presentou o seu cable axial, un sistema que permite o control integral das comunicacións no eido doméstico, sen máis infraestructuras que o cable de tv e o teléfono.

por REDACCIÓN

Se o futuro ten que discorrer por unha dirección determinada, será a que lle imprima o cable axial. Polo menos no que se refire ás comunicacións entre o fogar e o resto do mundo. O fogar intelixente ten viabilidade precisamente por aquilo que o diferencia dos demais: o control total sobre os seus elementos. Sería un proceso de selección natural, perduraría o mellor equipado (non necesariamente o máis equipado). Dende a empresa galega Televés sábena ben, como ben puido comprobar Código Cero en Galiciatic. A firma compostelá aproveitou o encontro para presentar esta plataforma de servizos para a vivenda (TelevésIntegra), un sistema que se basea unicamente na utilización máis eficaz do cable da antena de televisión e o teléfono. Do que se trata é de superar determinadas barreiras: multiplicidade de sistemas e redes no eido doméstico (todos eses cables que se precisan para gran cantidade de servizos), necesidade de infraestructuras específicas para incorporar funcións igualmente específicas, dificultade no acceso ós novos sistemas (complexidade dos interfaces). Compría aportar solucións, diminuír o espacio

ocupado pola tecnoloxía, traballar a prol da “ferramenta” invisible. As claves son tres: simplificación, simplificación e simplificación”. É aí onde entra o cable coaxial, que Televés considera a solución definitiva. Ademais de facilitar un ancho de banda ilimitado e unha infraestructura xa aportada, posibilita desenvolver estes servizos: videoportería, rede de telefonía interna para a intercomunicación no fogar, control local (teléfono fijo) ou remoto (móbil) dos dispositivos domésticos (calefacción, aire acondicionado, sistema de rego, iluminación, etcétera). As funcionalidades na teleasistencia (coidado de persoas a distancia) tamén son importantes. Polo que respecta a Internet, dicir que se compartirá un único acceso. Utilizarase o PC, con tódolos periféricos de rede, conectando o número de PCs que o usuario desexa á toma de televisión. En definitiva, non se trata de innovar por innovar, de dotar ós fogares de novos e caros equipos nun proceso que, en lugar de achegar ó cidadán á tecnoloxía pode producir o efecto contrario (rexeitamento). Non se trata de levar a tecnoloxía á casa. Trátase, como di Televés, de levala e combinala coa que xa existe, sen necesidade de iniciar unha obra.

Cable coaxial: cómo hacer un fogar intelixente coa mínima intervención



O móbil, o “mellor amigo” dos cardíacos

por REDACCIÓN

Coñécese como ECG (electrocardiograma) móbil. Tal como o propio nome indica, é un sistema que permite a portabilidade e que, ademais, dota a un dos obxectos de uso máis extendido na actualidade, o móbil, dunha nova e interesante función, a de custodio permanente da saúde do paciente cardíaco. De feito, xa sabiamos que o teléfono ten salvado moitas vidas, pero se cadra non cunha vontade tan definida de contribuír a facelo. Todo o sistema apóiase sobre a seguinte base: calquera corazón nos seus latexos emite unhas ondas eléctricas que son detectadas por un electrocardiograma. En función da forma da frecuencia do palpitar os cardiólogos interpretan o funcionamento do corazón. Ata aquí nada novo. O interesante é que sobre a plataforma MMC 2002 se soluciona o problema do seguimento, é dicir, se as alteracións do ritmo cardíaco son continuas non habería dificultade en seguilas, pero, ¿que ocorre cando aquíelas son esporádicas? “O noso”, comentou Luengo Fernández durante a celebración de Galiciatic, “é unha alternativa ós sistemas como o Holter, máis

seguro e cómodo, presentando ademais a vantaxe da telemetría, ou sexa, que o sistema poida ser interrogado sen que desplace o paciente”. Ademais, segundo asegurou o xerente comercial de IT Deusto, advirte en tempo real. Trátase, na súa aparencia externa, dun dispositivo corporal que recolle o sinal do corazón, dixitalízao e representao todo gráficamente. Tamén é programable, se hai algunha anomalía toma nota e grávoa na memoria, en caso de que non sexa urxente. En caso de que si que o sexa, chama automaticamente polo móbil e envía o electro. O propio dispositivo corporal leva incluído un módem GSM. Chámase entón a unha serie de teléfonos que están nun centro de control. É importante engadir que o destinatario ten un software específico onde fai o seguimento do ECG. Para rematar, convén resolverlle ós lectores a dúbida do seu funcionamento actual e práctico: “Esta ferramenta está en xeito de proba na Fundación Jiménez Díaz de Madrid e os resultados están sendo totalmente esperanzadores. Prevese levalo á práctica a medio prazo”, comentou Luengo Fernández. Por certo que o sistema foi desenvolvido de forma conxunta entre IT Deusto e Telefónica Móviles.



As novidades tecnolóxicas presentadas en Galiciatic non se limitaron a ferramentas de mellora na xestión das empresas. Algunhas delas tiñan como principal cometido traballar en beneficio da calidade de vida das persoas. Directamente á saúde. É o caso do dispositivo ECG móbil dado a coñecer por IT Deusto, unha ferramenta que detecta fallos cardíacos e os envía, en tempo real, a un centro de control mediante o uso doutro aparello que, nun principio, non foi feito para fines médicos: o móbil. Código Cero interesouse pola natureza do invento e tivo a sorte de falar con José María Luengo Fernández, xerente comercial da devandita empresa.



Expourense tiene serias posibilidades de volver a situarse en el noroeste peninsular como uno de los puntos de referencia indiscutibles en materia de recintos feriales. Las principales apuestas programadas para 2003 así lo certifican: a Nortrans, Termatalia y Foroemprego se vienen a sumar en breve Mi Casa, Expoenter y Megaxove. El objetivo de estas iniciativas, que es promover todas las actividades económicas de Ourense y Galicia, también es la razón de ser de la cuarta edición de Expoenter, el Salón Multimedia y de las Telecomunicaciones que arranca el 5 del diciembre. Un encuentro en el que no se cierra ninguna puerta y donde cada usuario, sea profesional o no, podrá encontrar soluciones tecnológicas hechas a su medida.



Expourense, más allá de un recinto ferial

por **Alejandro Rubín**

Nortrans, Termatalia y Foroemprego han constituido las principales apuestas de Expourense para la segunda mitad del presente año. Tres citas que junto con Mi Casa, Expoenter y Megaxove, en el último tramo de este 2003, volverán a situar al recinto ferial ourensano como uno de los indudables puntos de referencia de toda la provincia, de Galicia y el norte de Portugal. No en vano, en los 8.000 metros cuadrados del pabellón y sus 6.000 metros cuadrados destinados a salas de convenciones se congregan y reúnen profesionales de los más diversos sectores y público en general en una amplia variedad de actividades.

Si se observa con detenimiento el calendario de ferias y eventos programados en Expourense se adivina sin género de dudas su principal objetivo: promover e impulsar todas las actividades económicas de la provincia de Ourense y de Galicia. Gracias al esfuerzo realizado en estos últimos años, el recinto ferial se ha convertido no sólo en un escaparate local, sino también autonómico y nacional y con serias aspiraciones a la internacionalidad.

Termatalia es uno de los salones que aspiran a conseguir el sello internacional, como también intenta alcanzar Funergal, la Feria de Servicios y Productos Funerarios de la Península Ibérica, que se desarrolló a finales de mayo y que ha

sido el único certamen profesional del sector que se celebrará en toda España y Portugal en el 2003.

Expourense, regido por la Fundación Ferias y Exposiciones de Ourense y en cuyo patronato se integran las principales instituciones y entidades de la provincia, celebró durante el pasado año un total de 13 ferias a las que asistieron más de 130.000 personas, sin olvidar más de 700 empresas participantes, 1.850 firmas representadas, más de 60 jornadas técnicas y más de 2.000 horas de formación. En total 291 días de actividad (80%) en sus instalaciones.

Todo ello tiene su reflejo en la economía local. Según los cálculos y estudios realizados tras cada feria, cada euro que se gasta con motivo de un certamen repercute hasta cinco veces en Ourense. Hostelería, servicios y comercio son los sectores más beneficiados debido, fundamentalmente, a que un significativo porcentaje de visitantes proceden de otras provincias, de comunidades limítrofes como Asturias, Castilla-León o Cantabria y con una notable presencia de Portugal.

El país vecino es un mercado natural en el que hemos encontrado mucha respuesta. El convenio firmado con los empresarios de la zona de Tras Os Montes en el marco del Plan Interreg es una buena muestra de ello. Dicho acuerdo permitirá realizar acciones conjuntas de promoción, de modo que tanto las

empresas ourensanas como lusas puedan participar en los distintos certámenes, buscando en todo momento la complementariedad entre los productos y servicios de las empresas locales y portuguesas.

La procedencia del público que acude a un salón no sólo se mide económicamente. Al mismo tiempo, estos visitantes se llevan a sus lugares de origen una imagen que ayuda a proyectar el nombre de Ourense a numerosos lugares. Una labor que también ha realizado Expourense con su presencia en más de una veintena de ferias celebradas en toda España, Portugal, Francia, Italia o el Reino Unido.

Promoción económica, proyección de la imagen de Ourense, citas profesionales y para el público en general constituyen el eje de una actividad que la Fundación de Ferias y Exposiciones aún espera incrementar con un nuevo proyecto: la construcción de un edificio multiusos. Una dotación que ayudará a completar la oferta de Expourense, puesto que en sus instalaciones tendrán cabida todo tipo de congresos y reuniones. Para ello, el inmueble dispondrá de un auditorio con 600 plazas, además de salas sectoriales para convocatorias de menor aforo.

Un proyecto que ya ha dado sus primeros pasos y que convertirá a Expourense en el marco ideal para las más variadas citas profesionales al conjugar un espacio para muestras y otro para grandes asambleas.

Expoenter

En la actualidad, el recinto ferial ultima la cuarta edición de Expoenter, el Salón Multimedia y de las Telecomunicaciones, que se celebrará del 5 al 8 de diciembre y donde se pretende ofrecer soluciones a la medida y necesidad de cada usuario, con especial atención a las pequeñas y medianas empresas, pero sin olvidar a un público interesado en conocer de primera mano las últimas novedades. Un certamen donde además de la inestimable colaboración de la Xunta también participa activamente la Escuela de Informática con las jornadas técnicas y un concurso de proyectos.



lugar adecuados para efectuar los pagos, es decir, que cuente con la liquidez suficiente. Pero no menos importante es mantener un equilibrio entre liquidez e inversión, pues si la falta de liquidez puede ser fatal para un negocio, un exceso de la misma además de disminuir la rentabilidad, también puede llegar a comprometer la viabilidad de la empresa.

Por todo ello, se hace necesario contar con una serie de procesos y herramientas de gestión de los fondos adaptadas a las características particulares de

tecnologías, a los medios tradicionales se unen ahora otros impensables hace unos años y que suelen mejorar en algunos aspectos a los anteriores -por ejemplo, la Visa Travel Money presenta claras ventajas respecto a los clásicos cheques de viaje-. Por tanto, hoy en día una empresa que desee hacer una racionalización de su tesorería cuenta con multitud de instrumentos y métodos, algunos de los cuales comentamos a continuación:

- Factoring: el factoring es una operación por la cual se confía a un intermediario (factor) el cobro de facturas o créditos pendientes en la fecha de su vencimiento, mediante una comisión acordada previamente, de forma que el factor asume la responsabilidad de que los pagos sean efectuados. En realidad, no es más que una cesión de créditos, que generalmente realizará un banco o una empresa especializada (empresa de factoring). Su ventaja principal es la posibilidad de convertir en liquidez facturas pendientes de cobro, recomendable por tanto cuando una empresa -generalmente pequeña o mediana- se ve sometida a plazos de cobro largos. El principal inconveniente está en su coste, formado por una comisión y unos intereses.

- EDI (Electronic Data Interexchange o Intercambio Electrónico de Datos) el EDI, dirigido a empresas y administraciones públicas permite extraer la información directamente de las aplicaciones de la empresa y transmitir los documentos

de negocio, como órdenes de compra, facturas o pagos, a los asociados. Los nuevos servicios que, a través de Internet y basados en el EDI han puesto en marcha bancos y grandes empresas dan una nueva dimensión a este método, que presenta como ventajas el ahorro de costes y la sencillez de, por ejemplo, control de los inventarios para mantener un stock determinado.

- Banca Electrónica: si entendemos como banca electrónica todo aquel método de cobro o pago que haga uso de elementos informáticos y/o electrónicos, no podemos dejar de referirnos a las tarjetas de crédito, débito y a las "tarjetas inteligentes" (aquellas con chip recargable). Las principales ventajas están en la comodidad e inmediatez de las transacciones y del cobro, si bien hay que tener en cuenta las comisiones bancarias de tales servicios para la empresa, que pueden llegar hasta el 3%, lo que supone un porcentaje a tener en cuenta aunque mucho menor al 6% que se alcanzaba en algunos sectores hace sólo un par de años. En lo referente a la banca electrónica, hoy en día casi la práctica totalidad de los bancos cuentan con sistemas de banca interactiva listos para operar a través de Internet.

Métodos aparte, lo que si queda claro es que, hoy en día, una adecuada gestión de cobros y pagos, además de ahorrar posibles costes innecesarios puede constituir una vía para maximizar la rentabilidad del negocio. Razón de más para dedicarle unos minutos al tema.

Dinero responsable

por David Lombardía david@elvilmetal.com

Gestionar bien el dinero es siempre importante -incluso cuando no se tiene-, y en este sentido una adecuada gestión de la tesorería puede redundar en una mayor eficiencia y rentabilidad del negocio.

Dentro de una empresa -como en casi cualquier otra organización- circulan fondos que se traducen en entradas y salidas de dinero y así definimos la tesorería y su gestión como la dirección responsable de la custodia e inversión del dinero, garantía del crédito, cobro de cuentas, suministro de fondos y seguimiento del mercado de los valores de la empresa. Sin duda, una de las principales necesidades es que la empresa cuente con los fondos necesarios en el momento y

la empresa y el primer paso para conseguirlo es conocer cuáles son las necesidades de la misma e intentar prever cuales serán los requerimientos para los flujos ordinarios y extraordinarios del negocio, tarea en la que resultan de gran utilidad herramientas como las previsiones de ventas y compras (con los correspondientes gastos e ingresos asociados) o el balance provisional (no confundir con provisional)

A la hora de realizar las transacciones existen multitud de métodos, cada uno con sus características básicas que lo hacen adecuado para un tipo de transacción u otra, e incluso para un tipo de negocio u otro. Además, y gracias a las nuevas



ACTUALIDAD



Si en el pasado número dábamos la bienvenida a España al buscador más conocido




del mundo -Google-, que abrió sede en nuestro país, en este hacemos lo propio con el W3C o consorcio World Wide Web, que más concretamente abrirá su oficina en Asturias. El W3C se ocupará de colaborar la promoción de los idiomas locales y fomentar la internacionalización de la empresa a través de la Red. En la decisión de abrir esta oficina (actualmente existen otras en una docena de países) ha tenido importancia la concesión, el pasado año, del premio príncipe de Asturias a los creadores de Internet (recordemos que Tim Berners Lee es uno de los máximos responsables del W3C). Parece que últimamente el noroeste empieza a moverse en cuestiones tecnológicas, lo cual siempre es bueno para la economía.

LIBROS:

Gestión de tesorería

Continuando con el tema de este mes, le animábamos a profundizar más en la cuestión, y qué mejor forma de hacerlo que con un libro titulado **Gestión de Tesorería**. Este volumen de más de 400 páginas es un excelente manual para conocer un poco más a este respecto, que sin ser excesivamente técnico para tratar sobre algo tan particular como la dirección financiera de una empresa, resulta de gran utilidad, puesto que repasa y profundiza en todos los apartados referentes a la gestión de tesorería, desde cómo confeccionar un balance provisional o las funciones del departamento de tesorería, hasta las implicaciones de las innovaciones tecnológicas y el Euro en dicha actividad, incluyendo incluso un útil anexo con legislación relativa a algunos de los temas tratados en el libro, como puede ser el texto de la Ley Cambiaria y del Cheque. El libro, firmado por el profesor Javier Santomá, destaca por su profundidad y rigor, haciendo referencia a prácticamente todo lo que un gestor financiero debe tener en cuenta, incluyendo detallados análisis de cada uno de los métodos posibles.



Título
Gestión de tesorería
Autor
Javier Santomá
Editorial
Gestión 2000
Páginas
427
Precio
34 €
Nota
8/10
ISBN
84-8088-780-X

nov@economía@

Juegos on-line CaixaGalicia: Comunidad y Ocio en Internet

por **F. Javier Díaz López**
Técnico Web de Caixa Galicia
fjdiaz@caixagalicia.es



A pesar del estereotipo creado alrededor de los juegos de ordenador, videoconsolas y demás dispositivos electrónicos de ocio, según el cual provocan aislamiento, introversión y malos hábitos, varios estudios han determinado que esto no se corresponde con la realidad.

Muy al contrario, y como afirma la reciente investigación de Pew Internet & American Life Project realizado entre universitarios estadounidenses, los juegos en red no restan tiempo al estudio ni a ninguna otra actividad, constituyéndose como una actividad muy social.



En esta línea, Caixa Galicia puso recientemente en marcha en www.caixagalicia.es el I Campeonato de Juegos Online". El torneo, estaba abierto a internautas de todas las edades y se presentó como una alternativa de ocio divertida y amena basada en Juegos Clásicos.

El objetivo del concurso, que contó con un total de 1.362 participantes, consistía en acumular la mayor puntuación en los juegos propuestos: damas, ajedrez, tute, dominó, mus y cruzapalabras.

Los usuarios debían competir entre sí, contando con la posibilidad de desafiar, en tiempo real, a cualquiera de los demás. El juego más solicitado por la comunidad de usuarios fue finalmente el "tute", seguido del cruzapalabras.

El vencedor, de 37 años y natural de Pontevedra, obtuvo como premio un Reproductor MP3 portátil, mientras que los siguientes clasificados, residentes en distintos puntos de la geografía española (con especial mención a Cataluña), recibieron una práctica maleta – trolley.

A consecuencia de la celebración del I Campeonato "Juegos Online Caixa Galicia", el número de miembros de la comunidad se incrementó en un 61%, registrándose los niveles de actividad más altos del año. La plataforma de juegos de la Entidad permanece activa todo el año en www.caixagalicia.es, a disposición de los internautas.



Tras el éxito obtenido, Caixa Galicia ya está organizando la segunda edición del Campeonato de "Juegos Online", que se pondrá en marcha en los próximos meses.

Como construír unha tenda virtual. O carriño da compra (Paso 3)

Chegamos ó terceiro paso para a creación da tenda virtual. Trátase dun momento no que a aposta polo comercio electrónico tórnase decidida e a iniciativa en Internet vai máis aló dunha web informativa. Agora, temos que engadir á nosa páxina un catálogo escollido de produtos e a función do carriño da compra, que permite ó comprador acceder ó presuposto total da compra e á lista de produtos que quere mercar.

Nesta terceira fase para a construción dunha tenda virtual, a que corresponde á incorporación do carriño da compra, a aposta polo comercio electrónico vólvese decidida na nosa páxina web.

O catálogo de produtos

O primeiro que temos que ter en conta é a incorporación dun catálogo de produtos á nosa web. É esta unha tarefa que se pode tornar extensa e complexa se o que pretendemos é incluír un amplo catálogo. Por iso, e seguindo coa nosa política de mellorar pouco a pouco a web, a mellor opción é publicar inicialmente un catálogo que podemos reducir a uns 20 produtos, aproximadamente. Trataríase de que os artigos con máis impulso de vendas ou os que mellor se poidan vender por Internet estean presentes na web, como gancho antes de ofrecer máis artigos.

Máis adiante, cabe a posibilidade de ampliar o catálogo con máis produtos.

As fotografías

Á hora de incluír o catálogo na web é necesario ter en conta que haberá que ter dispoñibles as fotografías dos produtos que queremos publicar. Aquí caben varias posibilidades:

1. Se non temos fotografías dos produtos, haberá que facelas (mellor cunha cámara dixital para aforrar o escaneado) e logo tratalas dixitalmente e maquetalas para a web.
2. Se temos as fotografías en papel, haberá que escanealas, tratalas dixitalmente e maquetalas.
3. Se xa temos as fotografías dixitalizadas e gardadas nun ordenador, teremos moito andado e o traballo verase reducido para o provedor de servizos informáticos, co conseguinte aforro na súa factura.

Agora que xa contamos coas imaxes dos produtos, haberá que recompilar a información destes e que publicaremos na web. No caso de non contar con esta información, haberá que recorrer ó noso maiorista, xa que esta información é básica para os visitantes que cheguen á páxina web e que pretendan mercar algún artigo. A información detallada sobre o produto é imprescindible.

O carriño da compra: ¿que é?

O carriño da compra *on line* é moi semellante ó carriño da compra dun supermercado que todos coñecemos. Cando un consumidor entra nunha tenda virtual, selecciona os produtos que desexa e engádeos a unha lista. Cando remata de elixir, poderá acceder na web á lista completa dos produtos que vai mercar, co precio incluído de cada un deles e o precio total da compra. Finalmente, pode facer o pedido. Esta función faina o carriño da compra, que non é máis que unha aplicación informática que recompila a información sobre a compra *on line*.

Trátase dun paso previo ó pago.

Fácil integración

O carriño da compra é unha función sinxela de integrar na nosa web e que pode facerse á nosa medida, empregando a mesma tecnoloxía web que xa utilizamos na creación e mantemento da nosa páxina. A integración na web non é custosa e permite facer pedidos que, de non ter integrada a pasarela de pagos, haberá que pagar de xeito físico, é dicir, contra reembolso, transfer





Promocione a súa web: a alta en buscadores

Construír unha web é un esforzo que non pode quedar estancado unha vez que se publica en Internet. Para rendibilizar esta decisión é necesario promocionar a nosa web, e unha das ferramentas mellores para facelo son os buscadores (e directorios). A dos buscadores é a categoría máis empregada de Internet e o punto de referencia para a meirande parte dos internautas. Calcúlase que o 90% dos usuarios da Rede os empregan. Estas páxinas encárganse de encamiñar ós usuarios e levalos directamente ó resultado da súa busca. Por iso, estar presentes neles é necesario para que unha web reciba visitas e, por tanto, cumpra os seus obxectivos. Antes de nada, cómpre sinalar que existe unha diferenza entre os **directorios** (webs que clasifican as webs por tema, como Yahoo) e os **motores de busca** ou **buscadores** (buscan de xeito automático, como Google).

O Rexistro

Para que un buscador rexistre unha web, cómpre dala de alta e rexístrala na súa base de datos. Para iso, haberá que facilitar unha serie de datos relativos á nosa web (endereço, nome, descrición...). Isto pode levar bastante tempo, sobre todo tendo en conta que existen milleiros de buscadores. Para solventar isto, hai varias solucións:

- Empregar programas que fan o rexistro de xeito simultáneo en milleiros de buscadores.
- Recorrer a empresas especializadas.
- Facer o rexistro de xeito manual.

A primeira opción pode dar problemas, xa que moitos buscadores teñen procedementos para evitar a alta automática. A pesar destes problemas, estes programas tamén axudan a facer a alta noutros moitos buscadores. Recorrer a empresas especializadas ou facer a alta de xeito manual son outras opcións.

Principais buscadores e directorios:

- www.google.com
- www.yahoo.es
- www.alltheweb.com
- www.altavista.com
- www.lycos.es
- www.terra.es
- www.hotbot.com
- www.teoma.com
- www.excite.es
- www.infoseek.com
- buscador.vieiros.com
- www.u-lo.com
- www.biwe.es



Os fundadores de Google, o buscador máis utilizado polos internautas



A Alta manual

Facer o rexistro mediante a alta manual é recomendable para unha serie de buscadores de carácter clave en Internet: Google, Yahoo, Altavista, Terra e Alltheweb. Aínda que existen moitos outros buscadores, estes garanten unha ampla repercusión en toda a Rede, e o esforzo de tempo para facer a alta é relativamente baixo.

O procedemento de rexistro manual nestes buscadores pode ser sinxelo, como no caso de Google ou Altavista (só é necesario incluír o endereço web e o e-mail), ou algo máis laborioso, como no caso de Yahoo (solicita web, e-mail, título, comentario, persoa de contacto, comentarios, ubicación xeográfica e observacións adicionais).

Para acceder á zona de rexistro manual de páxinas web nos buscadores, só hai que empregar un enlace nestas páxinas chamado: "Engadir sitio/web"

(ou "Submit site", en inglés) e cumprimentar o formulario correspondente. Cómpre destacar que, aínda que o rexistro é relativamente rápido, logo os buscadores tardan tempo en incluír o enlace á nosa web. Así, Altavista emprega entre 4 e 6 semanas, mentres que Google pode tardar catro ou cinco meses. Ademais, nalgúns casos, como



por exemplo o de Google, o feito de cumprimentar e facer o rexistro manual da nosa web, non garante a súa inclusión entre os seus enlaces.

Finalmente, para aparecer rexistrado e acadar un bo posto nos buscadores, cómpre especificar ó máximo a información sobre a páxina web cando facemos a alta de xeito manual. Isto require definir aspectos como a temática, o idioma, as características, información sobre os produtos que ofertamos, etc. Por exemplo, será máis fácil aparecer rexistrado nos buscadores se indicamos que a nosa web se adica á venda de caracois da clase Helix-Aspersa que se indicamos soamente que vendemos caracois.

A importancia do intercambio de enlaces

Outro tema a ter en conta para promocionar a nosa páxina web é o esforzo de intercambio de

enlaces con outras webs. Convén poñer enlaces noutras páxinas de produtos relacionados cos nosos que dirixan tráfico de visitas ata nós. Ademais, algúns buscadores -como Google- teñen en conta a cantidade de enlaces á nosa web á hora de clasificala diante ou detrás de outras páxinas similares. Cantos máis enlaces haxa apuntando cara a nosa web, mellor. Entre os consellos básicos para rexistrar unha web cabe suliñar o esforzo continuo que debe facerse para manter a web nos buscadores. Normalmente, os buscadores actualizan periodicamente a súa base de datos de rexistro de páxinas, co que unha labor continuada de mantemento do rexistro evitará que a nosa web baixe postos nos buscadores a medida que pasa o tempo.



Programa de rexistro

Cómpre sinalar que existen programas de rexistro que fan a alta de xeito automático en moitos buscadores. Algúns destes programas pódense conseguir gratis por Internet (www.softonic.com ou www.download.com).

Xeralmente, estes programas son válidos para facer o rexistro na meirande parte dos buscadores, aínda que non adoitan a ser efectivos cos máis importantes, nos que é mellor recurrir á alta manual.

Por último, existen empresas especializadas na alta en buscadores, que ofrecen os seus servizos en Internet. Estas empresas teñen uns prezos que varían de xeito sustancial e, normalmente, garanten o rexistro nalgúns buscadores importantes, pero nunca en Google.



Consola Paradiso



por
Manuel Gago
magago@usc.es

Teño unha tempada ludópata. Compro Commandos 3, a última xofia de Pyro Studios. Estudio a trama, a coidada ambientación, a riqueza animada dos protagonistas. Pero tamén fico pasmado cos últimos anuncios cos que Telefónica vende os seus terminais multimedia: un rapaz entrena, correndo sobre rúas molladas, para xogar no seu móbil co ¡Street Fighter! Na miña memoria, que comezou a nacer xa despois da morte de Franco, o Street Fighter ten ese arrecendo nostáxico a mañá chuviosa de domingo, despois da misa, na Alameda da miña vila, en substitución desa sesión matinal de cine das 12. Cinco pesos valía a partida a Street Fighter na sala recreativa: as batallas entre rapaces por superaren rivais a cada cal máis complicado chegaban a ser épicas. Ver Cinema Paradiso, a nostálica película de Giuseppe Tornatore, xa é unha cousa de anteriores xeracións. En min desperta a curiosidade, máis que a melancolía.

A incipiente, e aínda rudimentaria, tecnoloxía multimedia da nova telefonía móbil rescata da súa tumba o vello software supostamente sepultado no esquecemento por maravillas coma o recen saído Commandos III. Non só Street Fighter, senón tamén títulos míticos de finais dos 80 e principios dos 90 coma o Moto GP ou o Tetris volven ser vistos e xogados: alguén en Namco, en Sega ou en calquera das outras compañías de xogos da época que aínda sobreviven estarán dándolle palmadiñas nas costas ao executivo que se negou, no seu momento, a “liberar” o código destes programas. Varios anos despois, o software volve ser vendido, volve dar beneficios, volve estar vivo. Dalgún xeito, Commandos 3 e o Street Fighter dos móbiles, con máis dunha década de diferenza tecnolóxica, compiten polo mesmo público. Estamos facéndonos vellos, señores.

Para os que xa nacimos rodeados de ordenadores, dá a impresión de que estamos vivindo nun “revival” para alfabetizados dixitais. A melancolía que sentimos ao volver a ver, xogar, escoitar os vellos xogos cos que consumimos horas de infancia seguramente se parece moito á dos nosos pais ao colleren de novo nas súas mans un Mecano, un trompo, un coche de carreiras. É estraño sentir, de repente, os sons rudimentarios e simples daqueles xogos de maquiña recreativa. Para quen queira aspirar a percibir de novo estas sensacións, pode descargar o MAME32, un fantástico emulador para PC que reconstrúe nos ordenadores xogos coma os Ghoul's n Ghosts, o Arkanoid ou tantos outros. O primeiro que percibirá será –é un comentario xeralizado entre tódolos usuarios cos que teño falado– a mestría dos que escribiron o código destes software. “La abadía del crimen”, ese xogo, complexo e fantástico, creado polos españois de Ubi Soft, a penas pesa alén de 150 kbs, é dicir, case unha décima parte dun disquete. Toda a destreza intelectual de mozos programadores ansiosos por venceren as fronteiras de máquinas máis próximas a calculadoras que a ordenadores multimedia. A fame sempre levanta o enxeño. As limitacións facían proezas. Hoxe en día, un videoxogo con aspiracións custa case tanto coma unha película. Ningún é realizado cun tamaño inferior a 400 Mbs. E os vellos xogos de marciais no espacio, cabaleiros valentes, loitadores en tatami surrealistas. Esa é parte da nosa educación sentimental. A nosa Consola Paradiso.



por
Carlos Lozano
cuetorubio@yahoo.es

Máis precaucións

Hai un par de números de Código Cero falei das precaucións que tiñamos que tomar para evitar, no posible, o acceso a nosa máquina dos vermes malignos que ameazan no ciberespacio. Hoxe imeas a dar un paso máis, pero antes...

Algúns lectores queixanse de que, en ocasións, os nosos comentarios son técnicos de máis, e de que damos por certo que todos os lectores teñen uns niveis de coñecementos altos. Así que en esta ocasión tratarei de baixar un pouco o nivel, pedindo desculpas se en ocasión resultado pouco exacto.

Ben, dicía que, aparte das precaucións xa apuntadas en artigos anteriores, hai que estar preparados para o caso de que, a pesar de todo, algo vaia mal. Aparte dos virus, existen outros moitos problemas que poden facer que o sistema operativo non funcione correctamente, incluso que non funcione en absoluto e perdamos datos importantes. Instalar programas de dubidosa procedencia, aínda que estean libres de virus, poden ter códigos mal desenhados; desinstalar de forma incorrecta algún programa, “ferellar” no sistema operativo sen os coñecementos necesarios ou configuracións de “hardware” incorrectas, son accións que poden converter noso amigable ordenador nunha peza de plástico insensible.

Nas primeiras versións de Windows, a reinstalación do sistema operativo despois dalgún tempo de traballar con el, era case que inevitable, incluso recomendable nalgúns casos. Pero esta reinstalación case sempre

leva a ter que reinstalar tamén tódalas aplicacións, e ademais deixa o sistema operativo sen as actualizacións que lle fixeramos ata o momento, e que xeralmente temos que volver a baixar de Internet. No caso de Windows XP, con esas actualizacións tan numerosas e de tamaño importante, o proceso pode ser desalentador.

Necesitamos, pois, ter a posibilidade de volver o punto no que o sistema funcionaba correctamente, no caso de que as cousas poñan a súa peor cara. Para eso necesitamos unha copia de respaldo, ou “backup”, de todo o que contén o noso ordenador, e hai algúns programas que permiten facer unha “imaxe” do contido do noso disco duro e instalala de novo cando o necesitamos.

Pero antes de se poñer á tarefa hai que ter un sitio onde gardar esta copia. Está claro que os disquetes non son o soporte máis axeitado, xa que necesitaremos varios centos deles para gardar tódolos datos (algúns “gigas” –mil megas– probablemente). Temos outras opcións. A primeira é facer unha “partición” no disco duro que acolla a copia. Para aqueles que non saiban de que falo direi que unha partición e unha “reserva” do disco que se comporta como se fose unha unidade de disco máis, aínda que fisicamente sexa unha parte do que xa temos. Coas capacidades que teñen os discos actuais, entre 40 Gb e 60 Gb como mínimo, é unha boa práctica dividilo en dúas o máis particións e gardar nelas documentos, arquivos, copias de seguridade, etc, deixando a principal (C:\) para o sistema operativo e as

aplicacións que dependan del. Entre 15 Gb e 20 Gb está ben para cada partición, e 30 Gb máis ou menos, para a principal. O proceso de “particionar” un disco duro soe facerse antes de instalar nada, pero hai ferramentas que permiten facelo en calquera momento sen arriscar a integridade do xa instalado. O programa máis coñecido para este traballo é o Partition Magic, de Power Quest. Funciona moi ben, é sinxelo e seguro. Permite facer particións, redimensionarlas ou borrarlas sen perder ningún dato.

Particionar un disco duro para gardar unha copia de seguridade, ou outras cousas, é unha solución barata e práctica, pero ten algún inconveniente. En ocasións o problema que podemos sufrir é tan grave que pode afectar a zona onde se gardan os datos correspondentes a distribución do espacio do noso disco, co que non soamente perderíamos o acceso os datos senón as particións incluso. Faise pois interesante gardar a copia de seguridade “fóra” do ordenador. Para isto é obrigatorio ter un medio de almacenamento de gran capacidade, e o suficientemente rápido como para que non perdamos moito tempo facendo copias, ou instalándoas de novo. Hai algunhas posibilidades, pero a máis económica e sinxela e unha gravadora de CDs. Hoxe é practicamente estándar en calquera ordenador, e o prezo dos CDs (a pesar da SGAE) e o bastante económico para que non nos doa moito o peto. Unha copia de respaldo de Windows XP e as aplicacións máis empregadas pode gastar entre 5 e 10 CDs, o que non resulta moi gravoso, e pode

tardar entre unha hora e dúas en facerse. Por certo, recomendo que a gravación se faga en CDs gravables, non RE-gravables. Estes son menos fiables e máis propensos os erros de gravación. Pola diferenza de prezo non compensa.


Pero aínda hai un medio de almacenamento mellor que os CDs, e son os DVDs. Os prezos das gravadoras de DVDs teñen baixado moitísimo nestes meses, e o panorama dos formatos tense aclarado un pouco. Neste momento o DVD-Ram ten desaparecido practicamente do mercado, e a competencia entre os dous que permanecen: o DVD-R/RW, e o DVD+R/RW xa non preocupa posto que as últimas gravadoras aceptan os dous. Así pois por pouco máis de 150 euros teremos unha gravadora razoablemente rápida de DVDs que nos vai permitir gravar música, imaxes, moitísimos datos e a nosa copia de seguridade nun so disco, na metade de tempo que se o fixeramos en CDs.

Ata aquí a primeira parte deste proceso. Para rematar, recomendar a aqueles con discos duros de moita capacidade e ánimo precavido que o mellor e manter DÚAS copias de respaldo, unha na partición dedicada a elo, e outra en CDs ou DVDs. A primeira actualizaríase cada dous ou tres meses, xa que é máis rápido, e a segunda faríase unha vez o ano, ou cando fixeramos algún cambio importante no equipo. Sempre despois de verificar que todo funciona axeitadamente, claro.

No seguinte número falarei do método e os programas para facer a copia de seguridade. Ata entón espero que non a necesitedes.



por
Breogán
breogan@teirasa.com

 El presidente de Prisa, Jesús de Polanco, es tajante: *Salvo que Telefónica corra con los gastos no estamos dispuestos a duplicar los costes de enviar la señal a los decodificadores utilizando dos satélites conjuntamente Astra e Hispasat.* Con ello pone al actual Presidente de Telefónica entre la espada y la pared por el sombrío futuro del satélite Hispasat utilizado en Digital +.

Por otro lado, desde el Gobierno, insisten en recordarle el gran valor estratégico que tiene para el operador español de satélite (Telefónica) la permanencia en la plataforma única de televisión digital. Dado que el contrato de alquiler con Hispasat vence el próximo diciembre y los acuerdos con el consorcio luxemburgués Astra, se extienden a cinco años vista, la solución pasa por no prorrogar la relación contractual con la compañía Española y con ello evitar la duplicidad de costes. En números redondos, romper el contrato con Astra supondría para Sogecable el pago de una indemnización próxima a los 300 millones de euros. A esa cifra, además, habría que añadir los costes derivados de la migración de abonados desde Astra a Hispasat, unos 400 millones. Hay que recordar que Astra tiene en su haber 1,7 millones de usuarios que hasta

El futuro digital, ¿vendrá por Astra o por Hispasat?

la fusión digital recibían la señal de Canal Satélite. Las cuentas de Polanco son sencillas: si Telefónica pone sobre la mesa los 700 millones de euros necesarios, mantendrá a Hispasat como operador satelital único de la flamante Digital +.

El papel de España en juego:

Telefónica se agarra al clavo ardiente de que lo que está en juego es mucho más que los 26 millones de euros que Hispasat ingresa cada año por ceder sus transpondedores a la plataforma digital. Dejar fuera a la compañía española podría incluso terminar en la suspensión de pagos de Hispasat y lesionar gravemente el papel de España en las comunicaciones mundiales. El eventual descarte de Hispasat supondría tal impacto de

pérdida de negocio en su cuenta de resultados que forzaría a la compañía a ampliar capital para evitar la espada de Damocles de la suspensión de pagos. En ese caso, Telefónica e Hispasat (Sociedad participada por el propio Estado en un 25,68 a través de INTA, SEPI y CDTI) se verían en la encrucijada de tener que realizar importantes desembolsos para evitar el descalabro de una empresa donde la propia operadora de Alierta ya ha anunciado sus planes de no-inversión por pertenecer a una línea de negocio ya sin interés estratégico para la primera compañía española.

También desde el Gobierno, se achaca al equipo de Telefónica que llevó las riendas de la fusión digital, que en su momento no se ataron bien todos los cabos para garantizar la continuidad de Hispasat.

Ahora, al comienzo de la agresiva campaña comercial de lanzamiento de Digital +, Polanco ha hecho valer su posición de fuerza como primer responsable de la gestión y ha optado por dar a Astra el servicio de los nuevos abonados a la plataforma única, por lo que a medida que avanza la captación de usuarios se encarece un hipotético trasvase hacia Hispasat. Polanco se ha mostrado inflexible, pero ha aceptado que Telefónica inicie una última vía de esperanza para que Hispasat continúe en Digital +: convencer a Astra para que abra su contrato en exclusiva con Sogecable y comparta a partir de 2004 los abonados de la plataforma con el sistema español de satélites, como sucede actualmente durante el periodo de promoción. La labor de que Astra acepte repartir el pastel es ardua, pero Alierta confía en sus dotes de buen negociador que, no en vano, ya hicieron posible la mismísima fusión digital.

Pinceladas para reflexionar:

Desde el centro de atención al cliente de D+, afirman que todas las nuevas altas a partir de Enero del 2004, se harán con antenas orientadas al Astra y con decodificadores tipo CSD. Esto significa: Nagra KO, y victoria por goleada de Seca2. Además que en enero comenzarán con la "reorientación" "de todo lo que había de Hispasat hacia Astra". El Sr. Poblano es de las personas que han nacido con estrella, esté quién esté en el gobierno siempre saldrá ganando, es su sino. Desde su famosa frase "no hay huevos a negarme a mi una televisión en España" le han servido todo en bandeja tanto el gobierno socialista como el actual del Partido Popular. Poblano hace lo que le da la gana, se ha pasado las condiciones de la fusión por el mismo sitio donde comienza la anterior frase y encima de todo ello va a arruinar Hispasat, hazmerrefir ya del resto de los operadores europeos, mientras tanto el Gobierno mirando para el otro lado.

¿Dónde está aquel proyecto de liberación de los decodificadores que se habló? Es decir que al abonarte podías alquilar el de la plataforma o bien comprar uno en el mercado libre y no pagar ese alquiler, eso en Francia y en otros países es una realidad, aquí como manda el Sr. Poblano, a pagar alquiler.

Un ejemplo, ¿Qué diríamos si al comprar un coche de una determinada marca se nos obligase a poner gasolina en las estaciones que perteneciesen a esa marca?, ¿Qué dirían las asociaciones de consumidores?. ¿Qué dicen o hacen en este caso?, Nada, ¿será que reciben otras compensaciones?. Esperemos que el próximo año Mariano nos aclare aquello de ¿Será Hispasat o no?

Última hora

Cuando cerramos esta edición de Código Cero, nos llega la noticia de la solución salomónica entre Astra e Hispasat para ultimar un acuerdo para repartirse los nuevos abonados de Digital+ desde enero de 2004. Esto supondría que se mantendría la emisión de la plataforma por los dos satélites a la espera de la unificación del sistema de codificación.

Que na Internet podemos atopar fotos non é unha novidade. Fotos na Rede haberá miles de millóns e abrir unha páxina para atopar imaxes non é nada complicado. Todo o contrario, a imaxe fai máis atractivo o medio... En troques, se o que queremos atopar son reproducións de pinturas de grandes mestres, a cousa non é tan doada... Podemos ver debuxos de grandes artistas, pero sempre cunha calidade de imaxe moi mala... Ou ben a pixelación nótase moito (cantos máis pixels, mellor), ou ben o tamaño é moi reducido. Pois desta volta falamos duna páxina que non só permite observar grandes cadros de grandes mestres, senon que ademais é gratuítala. Hoxe pinchamos en www.artchive.com.

Antes de nada, aviso a navegantes... Para non naufragar en Internet e para que a travesía sexa o máis cómoda posible, é conveniente ter certos coñecementos de inglés, xa que as estatísticas demostran que é o idioma interneteiro por excelencia... e, por exemplo, o lugar que hoxe visitamos está redactado na lingua de Shakespeare... De tódolos xeitos, para un repaso acelerado non precisaremos ningún dicionario bilingüe para entendernos, xa que a pintura é unha linguaxe universal... E no arquivo de Mark Hardens, que así se chama o escaneador oficial do sitio, hai moitos cadros colgados. Algo máis de 2.600 escaneos de algo máis de 260 artistas de distintas etapas e épocas.

A páxina está dividida en varios apartados. O Arquivo, Galerías, Teoría e crítica, xustaposicións, Publicidade e Art links.

No primeiro apartado fálase do sitio, e lémbrese que, se existe é gracias a nós...

Estamos ante unha páxina totalmente gratuítala, pero que para se manter engade publicidade doutras páxinas, tamén de arte, para que se así nos parece, as visitemos e poidamos dese xeito axudar a mante-la existencia deste fantástico lugar.

No caso de que prefiramos comprar algún cartel (porque tamén é unha tenda), non teremos ningún tipo de publicidade na páxina.

Unha vez metidos no miolo do apartado,

poderemos escolle-lo pintor que desexemos, ou o estilo pictórico: Impresionismo, dadaísmo, futurismo, arte africana, cubismo, Bauhaus... ou, se xa coñecemos-lo contido, podemos visitar directamente os últimos escaneos, e poderemos escoller cál será a imaxe que máis nos gustaría ter no calendario do vindeiro mes... Un calendario que poderemos descargar unha vez escollida a pintura.

Se o único que queremos é ver lenzos, non precisamos moito máis. Escollémo-lo autor e, unha vez aberta a páxina, picamos nas miniaturas, que automaticamente se maximizarán, para que poidamos gardalas no noso pc, para imprimir ou para poñer de fondo de pantalla, etc...E se máis ou menos imos tirando con iso do inglés, poderemos coñecer-la biografía do autor e a historia do lenzo.

En www.artchive.com o xeito de entrar en cada apartado é tal cal como se estivesemos ante o mapa dun museo... Se seleccionamos GALERÍAS, veremos un esbozo das salas nas que están acollidos os autores en cuestión... Non hai moitas, pero as que están son impresionantes... Goya e as pinturas negras da Quinta do Xordo (páxina que poderemos ler en español), Rembrandt, Beckman (non Beckham, non confundamos co futbolista J), un repaso ós autores do ano 25, a primeira exhibición impresionista de 1874... e ata un xardín adicado á escultura.

En Teoría e Crítica, podemos saber qué é o que se di e opina acerca de autores como Giotto, Gauguin ou Juan Gris, (por certo, de visita en Vigo ata novembro nunha exposición en Caixanova) entre outros moitos...

En xustaposicións, poderemos atopar diferentes cadros enfrontados por temas... Autorretratos, paisaxes, estudos...

E tamén podemos acceder ás novas da arte picando nun enlace que nos levará a www.absolutearts.com

Por último, unha sección na que poderemos mercar cd-roms con obras de diferentes autores ou con diferentes temas pictóricos...En definitiva, www.artchive.com, unha das mellores páxinas adicadas á arte pictórica na rede

barlovento

Un didáctico percorrido virtual pola Historia da Arte na Rede en múltiples imaxes



Servicios de traducción gratuitos on-line

É ben coñecido que sen saber idiomas e difícil andar polo mundo. En Internet, se cadra, isto é aínda máis certo. O inglés é practicamente o idioma universal, pero hai moitas cousas interesantes en páxinas doutros idiomas menos accesibles. Para o internauta, pois, pode ter utilidade algún tipo de traductor que lle dea polo menos unha idea aproximada do contido de determinadas páxinas.

Hoxe imos a analizar algúns servicios de traducción “en liña”, é dicir, sen ter que instalar nada no noso equipo, e por suposto gratuítos.

Fundamentalmente trátanse de direccións nas que se pode introducir un texto nun recadriño ó efecto, polo tradicional método do “copia-pega”. Elíxese o idioma a traducir e no que se quere o resultado, e pídese a traducción. O que obteremos será algo aproximado ó significado real, nada académico, pero que pode dar unha idea.

Algúns servicios de traducción tamén ofrecen a posibilidade de introducir unha dirección de páxina web e acceder a ela xa traducida. Esta é unha opción moi cómoda, pero hai que ter coidado porque polo xeral os enlaces e menús non funcionan correctamente.

Imos pois a analizar algunhas:



Babelfish

<http://babelfish.altavista.com/babelfish>

Este servicio do buscador Alta vista, é un dos máis coñecidos da rede. O servicio de traducción está baseado no traductor SYSTRAN, como moitos outros. Ten unha boa cantidade de idiomas a traducir, fundamentalmente o inglés, claro. Entre eles o coreano, xaponés e ruso. Tamén ten a posibilidade de traducir páxinas web completas, pero a navegación en elas complicase moito: os

enlaces non funcionan, non se pode facer descargas, etc. O número de palabras a traducir é de 150 como máximo, e a páxina está en castelán.

O resultado da traducción é aceptable, non confunde demasiado os nomes propios, aínda que hai cousas bastante obvias que se traducen erróneamente.



Reverso

<http://reverso.net>

Esta páxina ten un servicio de traducción bastante completo. Permite traduccións de textos, aparentemente sen límite de palabras, traducción de páxinas web, documentación, axuda e incluso permite enviar comentarios ó fabricante do motor de traducción. Por si fora pouco dá a posibilidade ó visitante de configurar o servicio ó seu gusto.

A limitación deste sitio e que ten moi poucos idiomas a traducir. En realidade só traduce entre francés, inglés, alemán e español, e non todas as combinacións, porque entre o alemán e o español non hai traducción.

O resultado é bastante aceptable. Resulta doado de ler e de entender, pero ten un problema cos nomes propios, que intenta traducir sempre. Aínda así é unha opción moi recomendable se os idiomas a traducir están entre os poucos que ofrece.



TraduceGratis

www.traducegratis.com

Esta páxina tamén ten un servicio de traducción moi completo. O servicio está baseado no traductor de SYSTRAN, pero ademais ten dicionarios, cursos e noticias. Aparte permite comparar resultados entre distintos traductores.

Unha cousa bastante espectacular desta páxina é que conta cun servicio de traducción de 38 idiomas o inglés, entre eles o afrikaans, o checo ou o búlgaro. Emprega o motor de Glossy.

O resultado da traducción é igual que no caso de Babelfish



FreeTranslation

www.freeTranslation.com

Aínda que non figura a primeira vista este servicio de traducción parece estar baseado en SYSTRAN, porque o resultado é igual. O característico desta páxina é que ademais do servicio gratuito de traducción, ofrece outro, de pago, feito por “humanos” (tal como a páxina o denomina). Por certo, que os prezos parecen algo caros..



Google

www.google.es

O buscador omnipresente tamén ten un servicio de traducción, que se activa en “herramientas del idioma”. Non ofrece moitas posibilidades, só texto e páxinas web. O resultado é o mesmo que o de Babelfish (SYSTRAN), aínda que non figura como traductor.

Hai que recalcar de novo que estas traduccións non deixan de ser aproximadas, e soamente aplicables a textos sinxelos. Serven para ter unha idea, pero pouco máis. Aínda así algunhas páxinas (como as rusas, que están moi de moda) serían practicamente descartadas da navegación se non fora por estes servicios.

PC Práctico



por
Emiliano
emiliagv@usc.es

"O programa permite estudar, elaborar, executar, depurar e corrixir os erros dos algoritmos representados con diagramas de fluxo. A novidade que incorpora é o seu método didáctico e interactivo"

"A versión en español do programa Dfd®, non se atopa dispoñible no mercado pero pódela descargar dun xeito gratuito en Internet na dirección <http://www.abcdatos.com/programas/programa/11958.html>"

Dfd® v1.0. Editor e Intérprete de Algoritmos Representados en D.F.D.



INTRODUCCIÓN

D.F.D. significa Diagrama de Flujo de Datos, estes diagramas, son moi utilizados na ensinanza e no aprendizaxe de algoritmos e son unha descrición gráfica dun procedemento para a resolución dun problema. No mercado existen ferramentas informáticas que facilitan a creación de diagramas de fluxo, mais *non interpretan algoritmos ni lles detectan os erros.*


O Dfd® é unha nova ferramenta, que funciona en calquera versión de Windows, unha axuda ós programadores e ós usuarios que estean relacionados coa programación informática, creouse de resultados dun proxecto de investigación desenvolvido na Universidade del Magdalena, en Santa Marta, Colombia.

O programa permite estudar, elaborar, executar, depurar e corrixir os erros dos algoritmos representados con diagramas de fluxo. A novidade que incorpora é o seu método didáctico e interactivo, xa que, os coñecementos adquiridos no estudio da metodoloxía da programación, poden ser levados á práctica, *sen empregar ningunha linguaxe de programación.* O usuario vaise introducindo deste xeito na programación estruturada logrando así estudar, elaborar e probar algoritmos que impliquen recursividade directa e indirecta ou chamadas para modularizar os procesos.

CARACTERÍSTICAS

A interface gráfica do programa Dfd® permite a creación dos diagramas na pantalla como si esta fose a folla de papel, estes poden ser gardados e recuperados do disco por exemplo, nun Mb. gárdanse uns 300 algoritmos, podendo imprimilos en diferentes tamaños sen importar a impresora que se teña.

Dfd® foi feito na linguaxe C++ utilizando programación orientada a obxectos e traballa en Windows a 32 bits. Inclúe un arquivo de axuda para Windows, coa documentación sobre los símbolos e obxectos que forman os diagramas, as funcións, os operadores, as mensaxes de error, etc.



Ten ferramentas para a depuración como a "Ejecución Paso a Paso", "Ejecutar Hasta", unha "Ventana de Depuración" que amosa cómo cambian os valores das expresións a medida cun algoritmo se executa, a proba de escritorio e un "Evaluador de Expresiones" que funciona como unha calculadora.

Manexa tres tipos de datos: Real, Cadea de Caracteres e Lóxico, dispón de 24 operadores e 19 funcións que operan con estes tipos

de datos. Permite as expresións complexas que afecten a campos constantes, variables, funcións e operadores e a utilización de arreglos de calquera dimensión. Os subprogramas permiten o paso de argumentos de dúas formas, por referencia e por valor.

Antes da execución do algoritmo faise unha revisión completa do diagrama. A execución do algoritmo pode pousarse, quedando en "Ejecución Paso a Paso" ou ser detida, quedando en estado de Edición, evitando así que se perda o control na execución do algoritmo.

Os erros en calquera lugar do diagrama, son detectados e se amosan a través de mensaxes, indicando o lugar no que se presentan; xa sexan na sintaxe ou na avaliación das expresións, na formación e chamadas dos subprogramas, etc.


DESCARGA E EXECUCIÓN DO PROGRAMA

A versión en español do programa Dfd®, non se atopa dispoñible no mercado pero pódela descargar dun xeito gratuito en Internet na dirección <http://www.abcdatos.com/programas/programa/11958.html> podes encontrar información sobre os seus autores en http://mx.geocities.com/ikky_fenix/proy_dfd.html e un bo manual moi gráfico no sitio <http://www-gsi.dec.usc.es/~alberto/jdpl/practicas/DFD/dfd.pdf>


Cando descargamos o programa ven en formato zip e ocupa preto de 555 Kb. ó descomprimilo crea unha

indicando o tipo de figura o tipo de acción que representa.

Exemplo de manexo.
Enunciado: Supoñamos que introducimos por teclado dúas variables, *edad* e *sexo*, e poñemos dúas condicións, na primeira preguntamos si a *edad* é maior ou igual que 20 anos, na segunda preguntamos si o *peso* é maior ou igual que 80; si se cumpren as dúas condicións que o resultado visualizado por pantalla sexa 'Estás gordit@ con los kilos;', e se amose tamén o *peso*. Si se cumpre só a primeira condición que o resultado visualizado por pantalla sexa 'Pesas menos de 80 kg.'. Se non se cumpren ningunha das condicións que resultado visualizado por pantalla sexa 'Eres un jovencit@'.




Para executar o diagrama prememos na barra de ferramentas que contén os símbolos, premendo no botón "Ejecutar", si houberse algún erro, indicárase nunha xanela e ó aceptalo amosárase no diagrama a súa localización para corrixilo. Primeiro solicita cada dato nunha



Exemplo de manexo.
Solución: O algoritmo que faría un programador sería:




xanela, a *edad* e logo noutra o *peso*, amosando noutra o resultado final.



Situados na pantalla inicial do programa, facemos clic na barra de ferramentas que contén os símbolos, premendo no botón de nome "Lectura" e facemos clic no diagrama, insírese o símbolo e fáiselle dobre clic para que me solicite os datos, inserimos deste xeito os símbolos "Decisión" e "Salida" cos textos respectivos .



Star Wars: Cabaleiros da Antiga República



por **Pablo Grandío Portabales**
Vandal.net



Meses despois da súa data orixinal, por mor do perfeccionismo de Bioware, Star Wars: Cabaleiros da Antiga República xa chegou ás tendas de todo o mundo. Dispoñíbel dende o 19 de Setembro na península, este xogo de rol para a consola Xbox de Microsoft, que nuns meses tamén sairá para PC, xa está considerado como o mellor xogo inspirado na saga de películas de George Lucas xamais feito.

LucasArts apostou por colaborar cos mellores expertos no xénero, e contactou cos creadores do soneado Baldur's Gate para crear este xogo

de rol ambientado no universo Star Wars 4.000 anos antes do que ocorre das películas. O xogo permítenos ser un personaxe crucial no desenvolvemento dunha guerra entre a República e os Sith, que como todo bo fan da saga saberá son os inimigos dos Jedis. Unha das cousas máis destacables dos escenarios e dos mundos do xogo é que nos amosan un mundo menos evolucionado có dos filmes, con robots máis rudimentarios, armas menos poderosas e planetas aínda non colonizados ou esnaquizados. Tamén nos aprende cousas do pasado do mundo de Star Wars que nos fan comprender mellor as películas e a peculiar organización dun mundo no que se fan viaxes



interestelares pero aínda existe a escravitude.

Pero sen dúbida o mellor deste xogo de rol é o sistema de desenvolvemento de personaxe. O noso protagonista comezará sendo "neutro", pero segundo as súas accións irase escorando cara un lado da Forza. Axudando ó próximo, usando os nosos poderes jedi con honestidade (coa persuasión tan típica dos filmes podemos negociar prezos ata o extremo de roubar) e conversando con humildade converterémonos nun bo jedi, do lado da luz. En troques, se nos aproveitamos dos



demais, provocamos á xente para a poder matar e respondemos con desprezo ao que nos fala seguirémo-lo camiño do pai de Luke, ou mellor dito, el seguirá o noso 4.000 anos despois.

O sistema de evolución do personaxe complementase cun moi bo sistema de combate, similar ó de Baldur's Gate pero en tres dimensións, no que loitamos usando sabres ou rifles láser, podemos facer ataques especiais de todo tipo (que primeiro temos que aprender), usa-los poderes máxicos da forza e guindar detonadores termais e outros artefactos das películas mentres nos enfrontamos a inimigos de tódalas especies alien que saen nas películas, na compañía de soldados, exploradores e outros jedís que estarán da nosa parte pero que poden estar no outro lado da Forza.

Cuns apartados técnicos sobresaíntes, unha das facetas do xogo non moi habituais nos RPGs de consola é a



liberdade de elección que temos; podemos resolve-las aventuras que nos vaian xurdindo de varios modos, algúns deles achegarannos ó camiño da luz e outros ó da escuridade, sendo o exemplo máis típico cando traballemos de cazar recompensas. Cando atopémo-lo perseguido, poderemos falar con el e intenta-lo axudar (finxindo a súa morte, convencendo ó que puxo a recompensa que de que pode haber outra solución...), ou ben cazalo sen máis. Non fai falla dicir cal das dúas opcións é a que elixiría un bo cabaleiro jedi. Con estas cartas de presentación, Cabaleiros da Antiga República é unha compra obrigada para os usuarios de Xbox e para todo fan das películas.



novas

GameCube baixa a 99 euros en Europa

A partires do 17 de Outubro, a consola GameCube de Nintendo ten un novo prezo en Europa: 99 euros. Semanas despois de que esta baixase nos Estados Unidos con moi boa repercusión nas vendas, Nintendo tomou a decisión de aplicar esta rebaixa en Europa, onde se notará máis, porque até agora a consola custaba 199 euros neste territorio. Os que aínda non posúan a máquina de Mario e Zelda poden facerse con ela pola metade de prezo.

Gran Turismo 4 chegará o ano que vén

Un dos xogos máis esperados deste ano retrasouse definitivamente segundo a confirmación de Sony Xapón. Gran Turismo 4 non chegará ata o ano 2004, e anque aínda non hai unha data definitiva para o lanzamento, espérase para Abril ou Maio, case tres anos despois que a terceira entrega da saga. Esta cuarta edición, a última que sairá en PlayStation 2, terá moitos máis coches e circuitos que a anterior, e incluírá o xogo online como principal aliciente.

As novas consolas chegarán no 2006 a Europa



Cada vez coñécense máis pistas sobre cómo van se-las novas consolas (PlayStation 2, Xbox Next e N5 parecen se-los nomes máis probabeis polo de agora), e anque aínda non teñamos unha imaxe, nen unha pista sobre os seus datos técnicos, as datas nas que as veremos acóntanse paseniño. As tres compañías xa teñen dito varias veces que van intentar lanza-las súas novas máquinas ó mesmo tempo que a competencia, e nun principio dixeran que a finais de 2005. Non embargantes, a data, a lo menos para Europa, está comezando a esbarar cara o ano 2006 segundo as últimas (que non derradeiras, ficade atentos a estas páxinas) declaracións sobre o tema dalgunhas personalidades da industria, entre elas o xefe de Nintendo Europa, David Gosen, e o presidente de THQ, Brian Farrell.

PlayStation Experience remata sendo un grande ito

Sony celebrou durante os días 17, 18 e 19 de Outubro o evento PlayStation Experience en Madrid, no Palacio de Vistalegre, onde amosou tódalas novidades para a súa consola PlayStation 2 en máis de cincocentas consolas, que foron xogadas durante horas e horas polos 25.000 visitantes que recibiu o festival nos tres días. O evento tamén contou con outros actos coma o concerto de Sexy Sadie, pases dalgunhas películas como o Señor dos Aneis ou Stuart Little, e exhibicións de arte urbán, monopatín e outros deportes para xoves. O evento, e sobretudo a festa "para os amigos de PlayStation" que tivo lugar a noite anterior á súa apertura, contou con visitas dalgúns famosos, sobre todo de xogadores do Real Madrid. Volverá o vindeiro ano polas mesmas datas.

Soluciones para
NEGOCIOS E PROFESIONAIS

"Desde que Internet vai tan rápido xa non rexeito proxectos por falta de tempo".



Solución ADSL »

Acceso

A BASE PARA MEDRAR EN INTERNET

Desde que este negocio traballa coa Solución ADSL Acceso beneficiase de Internet de alta velocidade con tarifa plana 24 horas, transmisión simultánea de voz e datos, maior capacidade de correo electrónico e un conxunto de funcionalidades avanzadas para facilitar a xestión e desenvolver o seu traballo. A partir de 40 € ao mes (IVE non incluído) vostede tamén poderá facer medrar o seu negocio tan rápido como queira.

Impulsar o seu negocio coa Banda Anpla nunca foi tan doado e accesíbel.

telefonicaonline.com/solucionacceso

Telefonica

INFÓRMESE NO 1004, TENDAS TELEFÓNICA OU DISTRIBUIDORES AUTORIZADOS



contratación exclusiva /
a través de internet /



CAIXAGALICIA

→ UNA CONEXIÓN MUY RENTABLE

www.caixagalicia.es ←

→
**Hipoteca
On Vivienda 0,50**

Primer año: **2,75%**

Resto de períodos: **Euribor+0,50**
SIN REDONDEO

→
TAE^(*)
2,83%
HASTA 35 AÑOS

(*) TAE calculada para un principal de 60.101 EUR a máximo plazo (35 años). Tipo de interés nominal 1º año: 2,75%. Resto del período: Euribor + 0,50% sin redondeo. Tipo de interés mínimo: 2,75%. Tipo de interés máximo: 10%. Comisión de apertura: 0,50% mínimo 200 EUR. Último Euribor a 1 año publicado en el mes de Octubre, correspondiente a Septiembre de 2003: 2,258%.

→ **NUEVOS TIEMPOS NUEVOS CANALES**

Autorizado por D.X.P.F.T. - 26/11/2003



902 209 166
www.caixagalicia.es

CAIXAGALICIA